

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

**17836** *Real decreto 1614/2011, do 14 de novembro, polo que se desenvolve a Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, no relativo a licenzas, autorizacións e rexistros do xogo.*

#### ÍNDICE

- Título preliminar. Disposicións xerais.
- Artigo 1. Obxecto.
- Artigo 2. Definicións.
- Título I. Das licenzas e autorizacións.
- Capítulo I. Disposicións comúns.
- Artigo 3. Títulos habilitantes e operadores de xogo.
- Artigo 4. Solicitude de licenzas e autorizacións.
- Artigo 5. Extinción de licenzas e autorizacións.
- Artigo 6. Transmisión de licenzas, autorizacións e contratación de actividades con terceiros.
- Capítulo II. Das licenzas.
- Sección primeira. Disposicións comúns.
- Artigo 7. Tipos de licenzas.
- Artigo 8. Dereito a obter licenza.
- Artigo 9. Comunicación ás comunidades autónomas.
- Artigo 10. Prazos para a resolución.
- Artigo 11. Resolución motivada e recursos.
- Artigo 12. Prazos de vixencia das licenzas.
- Sección segunda. Das licenzas xerais.
- Artigo 13. Requisitos dos interesados para a obtención de licenzas xerais.
- Artigo 14. Acreditación da solvencia técnica, económica e financeira.
- Artigo 15. Convocatoria do procedemento de outorgamento de licenzas xerais.
- Artigo 16. Outorgamento de licenzas xerais.
- Sección terceira. Das licenzas singulares.
- Artigo 17. Procedemento para a solicitude e o outorgamento de licenzas singulares.
- Artigo 18. Solicitude de licenzas singulares e regulamentación básica dos xogos.
- Capítulo III. Das autorizacións.
- Artigo 19. Ámbito e límites da autorización.
- Artigo 20. Documentación que se debe xuntar á solicitude de autorización.
- Artigo 21. Procedemento e prazos para a resolución.
- Artigo 22. Contido da resolución.
- Artigo 23. Recursos.
- Capítulo IV. Da autorización para o desenvolvemento de xogos de lotaría.

- Artigo 24. Autorización para a comercialización non ocasional de xogos de lotaría.
- Artigo 25. Procedemento para a autorización da comercialización non ocasional de xogos de lotaría.
- Artigo 26. Autorización para a comercialización de xogos de lotaría de ámbito superior ao estatal.
- Artigo 27. Autorización excepcional para a comercialización ocasional de xogos de lotaría.
- Artigo 28. Transmisión da autorización.
- Artigo 29. Extinción da autorización.
- Artigo 30. Colaboradores na comercialización de produtos de lotaría.
- Título II. Garantías no desenvolvemento da relación de xogo.
- Capítulo I. Relacións entre os operadores e os participantes.
- Artigo 31. Contrato de xogo.
- Artigo 32. Contido do contrato de xogo.
- Artigo 33. Obrigas do operador en relación cos participantes.
- Artigo 34. Obrigas do participante.
- Artigo 35. Rexistros de usuario e contas de xogo.
- Artigo 36. Límites aos depósitos.
- Capítulo II. Pagamento da participación nos xogos, aboamento dos premios e obrigas relacionadas cos fondos de xogo.
- Artigo 37. Pagamento da participación nos xogos.
- Artigo 38. Aboamento dos premios.
- Artigo 39. Obrigas do operador en relación cos fondos dos participantes.
- Capítulo III. Garantías exhibibles aos operadores de xogo.
- Artigo 40. Garantías vinculadas ás licenzas xerais.
- Artigo 41. Garantías vinculadas ás licenzas singulares.
- Artigo 42. Constitución das garantías.
- Artigo 43. Forma de constitución das garantías.
- Artigo 44. Importe das garantías.
- Artigo 45. Vixencia, cancelación e execución das garantías.
- Título III. Dos rexistros do xogo.
- Capítulo I. Disposicións comúns.
- Artigo 46. Rexistros do sector do xogo.
- Artigo 47. Inscripción, modificación e cancelación dos datos.
- Capítulo II. Do Rexistro Xeral de Licenzas de Xogo.
- Artigo 48. Obxecto do Rexistro Xeral de Licenzas de Xogo.
- Artigo 49. Estrutura do Rexistro Xeral de Licenzas de Xogo.
- Artigo 50. Inscripción provisional.
- Artigo 51. Inscripción definitiva.
- Artigo 52. Modificación dos datos inscritos.
- Artigo 53. Cancelación da inscrición definitiva.
- Artigo 54. Certificacións rexistrais.
- Capítulo III. Do Rexistro Xeral de Interdiccións de Acceso ao Xogo.
- Artigo 55. Obxecto do Rexistro.
- Artigo 56. Datos rexistrais.

- Artigo 57. Inscripción.
- Artigo 58. Inscripción por instancia do interesado.
- Artigo 59. Inscripción por petición de terceiro interesado ou por resolución xudicial.
- Artigo 60. Vixencia das inscricións.
- Artigo 61. Modificación e cancelación dos datos inscritos.
- Artigo 62. Cooperación interadministrativa.

#### Capítulo IV. Do Rexistro de Persoas Vinculadas a Operadores de Xogo.

- Artigo 63. Obxecto do Rexistro.
- Artigo 64. Contido da inscrición.
- Artigo 65. Inscripción e modificación dos datos.
- Artigo 66. Notificación dos datos rexistrados.
- Artigo 67. Cancelación.

Disposición adicional primeira. Títulos habilitantes outorgados por outros Estados do Espazo Económico Europeo.

Disposición adicional segunda. Prestación de servizos a operadores de xogo.

Disposición adicional terceira. Liquidez internacional.

Disposición adicional cuarta. Especialidades dos concursos.

Disposición adicional quinta. Aboamento dos premios dos xogos suxeitos a reserva.

Disposición adicional sexta. Aplicacións de xogo gratuíto.

Disposición adicional sétima. Acordos de correulación.

Disposición adicional oitava. Sistemas técnicos das entidades autorizadas para a comercialización das lotarías incluídas no ámbito da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo.

Disposición adicional novena. Regulamentación básica dos xogos.

Disposición adicional décima. Tramitación electrónica.

Disposición adicional décimo primeira. Designación da Sociedade Estatal Lotarías e Apostas do Estado como operador legalmente autorizado para a comercialización dos xogos de lotarías.

Disposición adicional décimo segunda. Réxime específico da Organización Nacional de Cegos Españois (ONCE).

Disposición transitoria primeira. Réxime transitorio aplicable á publicidade das actividades de xogo.

Disposición transitoria segunda. Réxime transitorio das apostas mutuas que comercializa a Sociedade Estatal Lotarías e Apostas do Estado.

Disposición derradeira primeira. Habilitación do titular do Ministerio de Economía e Facenda.

Disposición derradeira segunda. Habilitación da Comisión Nacional do Xogo.

Disposición derradeira terceira. Entrada en vigor.

Anexo I. Importe das garantías vinculadas ás licenzas.

Anexo II. Límites dos depósitos.

A Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, establece o marco regulatorio da actividade de xogo, nas súas distintas modalidades, que se desenvolva con ámbito estatal, co fin de garantir a protección da orde pública, loitar contra a fraude, previr as condutas aditivas, protexer os dereitos dos menores e salvagardar os dereitos dos participantes nos xogos.

O exercicio das actividades de xogo reguladas pola referida lei está sometido á obtención previa do correspondente título habilitante co fin de establecer unha oferta dimensionada de xogo e regular de forma adecuada o acceso á explotación das actividades de xogo.

O sometemento da actividade do xogo á obtención previa de título habilitante encóntrase regulado no artigo 9 da citada lei, encadrado no seu título III, no cal se establecen as características dos diferentes títulos habilitantes –licenzas e autorizacións–, así como o seu réxime de outorgamento.

Co fin de facilitar aos distintos operadores de xogo o acceso ao exercicio das actividades obxecto da Lei de regulación do xogo, este real decreto, en particular, dá cumprimento ao establecido no número terceiro do artigo 10, no número catro do artigo 11 e no número primeiro do artigo 12 da citada lei. Inclúese, así mesmo, o procedemento para a autorización das actividades de xogo sometidas a reserva.

Por outra parte, o real decreto ocúpase da regulación de determinados aspectos relacionados coas garantías dos operadores de xogo en relación cos participantes. En particular, desenvólvese o artigo 14 da lei no que se refire ás garantías que deben prestar os operadores de xogo e, se é o caso, aqueles que soliciten licenzas xerais de xogo.

Incorpórase a regulación básica dos contratos de xogo, o contido dos rexistros de usuario e as funcións da conta de xogo vinculada aos ditos contratos, así como as obrigas de operadores e participantes no marco do contrato de xogo.

Vinculado aos rexistros de usuario e ás contas de xogo, o real decreto establece a regulación dos depósitos e do pagamento da participación nas actividades de xogo, o aboamento dos premios por parte dos operadores e determinadas limitacións respecto ao seu emprego.

Finalmente, o artigo 22 da Lei de regulación do xogo crea os rexistros do sector do xogo: o Rexistro Xeral de Licenzas de Xogo, o Rexistro Xeral de Interdicións de Acceso ao Xogo e o Rexistro de Persoas Vinculadas a Operadores de Xogo.

Estes rexistros créanse co obxectivo de conter a información adecuada para dar cumprimento ás exixencias establecidas na normativa sectorial do xogo en relación coas licenzas xerais e singulares, as persoas que están voluntaria ou xudicialmente excluídas da participación nas actividades de xogo e aquelas outras que presentan un determinado grao de vinculación cos operadores de xogo.

Igualmente, este desenvolvemento regulamentario obedece ao disposto nos números segundo e terceiro do artigo 22 da lei, e neste real decreto establécese o contido, a organización e o funcionamento dos citados rexistros.

Este real decreto divídese en catro títulos, con sesenta e sete artigos, doce disposicións adicionais, dúas disposicións transitorias e tres disposicións derradeiras.

No título preliminar régúlase o obxecto do real decreto e defínense determinados conceptos que son importantes para a súa comprensión.

O título I, relativo ás licenzas e autorizacións, divídese en catro capítulos.

O capítulo I recolle disposicións comúns aos diferentes títulos habilitantes, así como as cuestións xerais en relación co réxime de solicitude de licenzas e autorizacións, a súa extinción e transmisión.

O capítulo II regula o réxime das licenzas. Este capítulo divídese, pola súa vez, en tres seccións.

A sección primeira ocúpase das disposicións comúns ás licenzas xerais e singulares, as relativas ao dereito a obter as referidas licenzas, á comunicación ás comunidades autónomas das solicitudes de licenzas que poidan afectar o seu territorio, á resolución das solicitudes de licenzas e aos prazos de vixencia destas.

A sección segunda recolle as disposicións relativas, en particular, ás licenzas xerais, aos requisitos dos interesados para a obtención deste tipo de licenzas e ao procedemento para a convocatoria e outorgamento destas.

E, finalmente, a sección terceira dedícase aos procedementos de solicitude e outorgamento das licenzas singulares en función da existencia ou non da regulamentación básica do xogo obxecto de solicitude.

O capítulo III do título I está dedicado ao réxime das autorizacións. Determina as actividades de xogo suxeitas a autorización, a documentación necesaria para a súa obtención e o procedemento de outorgamento das autorizacións.

No capítulo IV desenvólvese o réxime das autorizacións para a comercialización dos xogos de lotaría a que se refire o artigo 4 e a disposición adicional primeira da Lei de regulación do xogo.

O título II dedícase ás garantías no desenvolvemento da actividade de xogo e componse de tres capítulos.

O capítulo I ocúpase das relacións entre os operadores de xogo e os participantes. Determina o contido do contrato de xogo, así como as obrigas que derivan del, tanto para o operador de xogo como para o participante. Así mesmo, ocúpase dos rexistros de usuarios e das contas de xogo e determinanse os límites aos depósitos dos usuarios que os operadores de xogo deben establecer. Neste sentido, o anexo II deste real decreto fixa os límites de constitución dos depósitos destinados á realización de actividades de xogo.

O capítulo II regula o pagamento da participación nos xogos, o aboamento dos premios e as obrigas relacionadas cos fondos de xogo.

Finalmente, o capítulo III establece as garantías exixibles aos operadores de xogo. Determina as garantías vinculadas a cada licenza, a forma de constituílas, o importe e a actualización, cancelación e retención destas. Así mesmo, e en relación coas garantías reguladas neste capítulo III, o anexo I do real decreto establece os importes das garantías vinculadas ás distintas licenzas.

O título III, relativo aos rexistros do xogo, divídese, pola súa vez, en catro capítulos.

O capítulo I recolle as disposicións comúns aos distintos rexistros do sector do xogo.

O capítulo II está dedicado ao Rexistro Xeral de Licenzas de Xogo. Establece o obxecto e organización do referido rexistro. Así mesmo, regula as inscricións provisionais e definitivas, a modificación dos datos inscritos e a actualización e cancelación das inscricións definitivas.

O capítulo III regula o Rexistro Xeral de Interdicións de Acceso ao Xogo. Determina o obxecto e organización do citado rexistro. Igualmente regula as diferentes formas de inscrición neste rexistro, os datos rexistrais obxecto de inscrición, a vixencia das inscricións e a cooperación coas administracións competentes das comunidades autónomas nesta materia.

O capítulo IV regula o Rexistro de Persoas Vinculadas a Operadores de Xogo. Determina o obxecto e organización do rexistro e os datos obxecto de inscrición.

Ademais, contén doce disposicións adicionais. A primeira refírese aos títulos habilitantes outorgados por outros Estados do Espazo Económico Europeo e nela establécese a validación da documentación xa presentada ante as autoridades competentes en materia de xogo doutros Estados integrantes do referido espazo económico. Na segunda habílitase a Comisión Nacional do Xogo para requirir ao operador de xogo os contratos que regulen a relación entre o anterior e a entidade que efectivamente desenvolva a actividade, así como para requirir, se é o caso, a obtención do correspondente título habilitante á entidade prestadora dos servizos ao operador de xogo. A terceira refírese á liquidez nacional e internacional. A cuarta establece determinadas especialidades para a modalidade de xogo «concursos». A quinta refírese ao aboamento dos premios dos xogos de lotarías. A sexta regula as aplicacións de xogo gratuíto. A sétima refírese aos acordos de corregulación. A oitava regula o réxime e a homologación dos sistemas técnicos das entidades autorizadas para a comercialización das lotarías. A novena refírese á regulamentación básica dos xogos. A décima posibilita a tramitación electrónica en cada un dos procedementos establecidos neste real decreto. A décimo primeira refírese á designación da Sociedade Estatal Lotarías e Apostas do Estado como operador legalmente autorizado para a comercialización dos xogos de lotarías e, finalmente, a décimo segunda e última establece o réxime específico da Organización Nacional de Cegos Españóis.

Así mesmo, inclúense dúas disposicións transitorias. A primeira establece o réxime transitorio aplicable á publicidade nas actividades de xogo e a segunda establece o réxime transitorio aplicable ás apostas mutuas que comercializa a Sociedade Estatal Lotarías e Apostas do Estado.

Por último, este real decreto contén tres disposicións derradeiras. A disposición derradeira primeira habilita o titular do Ministerio de Economía e Facenda para modificar,

a través de orde ministerial, o anexo I do real decreto relativo aos importes das garantías vinculadas ás licenzas. A segunda habilita a Comisión Nacional do Xogo para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e execución deste real decreto e modificar o seu anexo II. A terceira disposición derradeira concreta a entrada en vigor deste real decreto.

Este real decreto foi sometido ao procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e de regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información, regulado no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, para os efectos de dar cumprimento ao disposto na Directiva 98/34/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño de 1998, modificada pola Directiva 98/48/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de xullo de 1998.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Economía e Facenda, coa aprobación previa do ministro de Política Territorial e Administración Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 11 de novembro de 2011,

DISPOÑO:

## TÍTULO PRELIMINAR

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

O obxecto deste regulamento consiste no desenvolvemento da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, en particular no que se refire ao procedemento para a obtención dos títulos habilitantes necesarios para o exercicio das actividades de xogo non reservadas na citada lei, as autorizacións das actividades obxecto de reserva, as garantías do desenvolvemento das actividades de xogo e o funcionamento dos rexistros creados na lei.

Dentro do obxecto definido no parágrafo anterior, inclúense no ámbito de aplicación deste regulamento as actividades de xogo que sexan desenvolvidas no ámbito estatal, en particular, cando estas actividades se realicen a través de canles electrónicas, informáticas, telemáticas e interactivas, en que os medios presenciais teñan carácter accesorio.

#### Artigo 2. *Definicións.*

Para efectos deste real decreto, os termos que se empregan nel terán o sentido que se establece neste artigo.

1. Xogo non ocasional. Enténdese por xogo de carácter non ocasional aquel xogo que se celebra periódica ou permanentemente ou que forma parte da actividade ordinaria dun operador de xogo.

2. Xogo ocasional ou esporádico. Enténdese por xogo ocasional ou esporádico aquel xogo que non se celebra periódica ou permanentemente ou, existindo periodicidade, esta é, como mínimo, anual. Os xogos ocasionais ou esporádicos non forman parte da actividade ordinaria das entidades que os organizan.

3. Contrato de xogo. Enténdese por contrato de xogo o negocio xurídico bilateral celebrado entre o participante e un determinado operador de xogo e ao cal quedan vinculados os rexistros de usuario e as contas de xogo.

4. Rexistro de usuario. Enténdese por rexistro de usuario o rexistro único que permite ao participante acceder ás actividades de xogo dun determinado operador e no cal se recollen, entre outros, os datos que permiten a identificación do participante e os que posibilitan a realización de transaccións económicas entre este e o operador de xogo.

5. Conta de xogo. Enténdese por conta de xogo a conta aberta polo participante e vinculada ao seu rexistro de usuario en que se cargan os ingresos das cantidades económicas destinadas por este ao pagamento da participación nas actividades de xogo e se aboan os importes da participación. A conta de xogo non pode presentar en ningún caso saldo acreedor.

6. Operador de xogo. Enténdese por operador de xogo a persoa física ou xurídica que obtivo un título habilitante de acordo co establecido no artigo 3 deste real decreto.

## TÍTULO I

### Das licenzas e autorizacións

#### CAPÍTULO I

##### Disposicións comúns

#### Artigo 3. *Títulos habilitantes e operadores de xogo.*

1. O exercicio das actividades de xogo non reservadas queda sometido á obtención previa do correspondente título habilitante, nos termos previstos no título III da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, e ao disposto neste real decreto.

2. Deberán obter título habilitante aquelas persoas físicas ou xurídicas que desenvolvan total ou parcialmente unha actividade de xogo sempre que os seus ingresos por esta actividade estean relacionados cos ingresos brutos ou netos, comisións, así como calquera cantidade por actividades relacionadas cos xogos e, pola súa vez, realicen calquera actividade de comercialización da actividade de xogo como pode ser, con carácter meramente enunciativo, a determinación da contía dos premios ou torneos, a xestión de polífticas para xogadores, transaccións e liquidación de pagamentos, a xestión da plataforma de xogos ou o rexistro de usuarios.

3. Os que, reunindo os requisitos a que se refire o número anterior, xestionen plataformas de xogo en que sexan membros ou ás cales se adhiran outros operadores de xogo que poñan en común cantidades xogadas polos respectivos usuarios, terán a consideración de operador e coorganizador do xogo. A Comisión Nacional do Xogo, de acordo co establecido nas bases da convocatoria de licenzas xerais ou mediante a regulación específica ditada para o efecto, poderá establecer as adaptacións e excepcións de determinados requisitos exixidos para os operadores de xogo cando obxectivamente carezan de xustificación con base na natureza da actividade realizada como coorganizador de xogo, así como delimitar o seu réxime de responsabilidade.

4. Non terán que obter título habilitante aquelas empresas que realicen exclusivamente actividade de afiliación, entendida esta como a actividade de promoción ou captación de potenciais clientes para un operador de xogo, sempre que non realicen o rexistro de clientes nin manteñan un contrato ou conta de xogo con eles. Os operadores de xogo serán responsables pola infracción da normativa e dos requisitos exixibles á actividade publicitaria e promocional do xogo que sexan cometidas polas empresas que desenvolvan a actividade de afiliación, cando a actividade publicitaria e promocional do xogo se faga por conta ou encarga destas.

#### Artigo 4. *Solicitude de licenzas e autorizacións.*

1. Os interesados no desenvolvemento de actividades de xogo deberán solicitar á Comisión Nacional do Xogo o correspondente título habilitante.

As solicitudes de licenza xeral unicamente poderán ser solicitadas no marco do procedemento concorrencial convocado para estes efectos.

2. A solicitude para a obtención de título habilitante deberá conter, polo menos, os seguintes datos:

- a) Identificación da persoa ou entidade interesada e, se é o caso, do seu representante.
- b) Documento nacional de identidade ou pasaporte do solicitante e, tratándose dunha sociedade mercantil, número ou código de identificación fiscal, así como a súa escritura de constitución e, se é o caso, modificación, debidamente inscritas no Rexistro Mercantil ou, se se trata de entidades estranxeiras, no rexistro equivalente de inscrición obrigatoria de conformidade coa lexislación do Estado en que a entidade teña a súa sede legal, e a documentación que acredite a personalidade e capacidade de quen actúa en nome e por conta da entidade solicitante.
- c) Enderezo para efectos de notificación en España.
- d) Lugar, data e sinatura do solicitante ou acreditación da autenticidade da súa vontade expresada por calquera medio.
- e) Modalidade de xogo, tipos de xogo dentro de cada modalidade de xogo ou actividade de xogo de carácter esporádico que o solicitante pretenda desenvolver.
- f) Acreditación de estar ao día nas obrigas fiscais e da Seguridade Social. O interesado poderá autorizar a Comisión Nacional do Xogo para obter de forma directa a acreditación destas circunstancias.
- g) Se é o caso, solicitude de autorización para desenvolver actividades publicitarias, de promoción ou patrocinio. Para estes efectos, será suficiente a mera manifestación da vontade de realizar a actividade publicitaria no momento da solicitude de licenza ou durante o seu período de vixencia, sen prexuízo do cumprimento dos requisitos exixidos pola normativa aplicable.

#### Artigo 5. *Extinción de licenzas e autorizacións.*

1. De conformidade co disposto no número 5 do artigo 9 da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, as licenzas e autorizacións reguladas nos capítulos II e III do título I deste real decreto extinguiranse nos seguintes supostos:

- a) Por renuncia expresa do interesado manifestada por escrito.
- b) Polo transcurso do seu período de vixencia sen que se solicite ou conceda a súa renovación, cando a dita renovación se establecese nas bases da convocatoria do procedemento correspondente.
- c) Por resolución da Comisión Nacional do Xogo, en que expresamente se constate a concorrencia dalgunha das causas de resolución seguintes:

1.º A perda de todas ou dalgunha das condicións que determinaron o seu outorgamento.

2.º A morte ou incapacidade sobrevida do titular da autorización, cando sexa persoa física, a disolución ou extinción da sociedade titular da licenza ou autorización.

3.º O cesamento definitivo da actividade obxecto do título habilitante ou a falta do seu exercicio durante, polo menos, un ano nos supostos de licenza. A falta do dito exercicio observarase en todo caso respecto das licenzas singulares e, respecto das licenzas xerais, cando o seu número fose limitado no seu outorgamento.

4.º A declaración de concurso ou a declaración de insolvencia en calquera outro procedemento.

5.º A imposición como sanción no correspondente procedemento sancionador.

6.º O incumprimento das condicións esenciais da autorización ou licenza.

7.º A cesión ou transmisión do título habilitante a través de fusión, escisión ou achega de rama de actividade, sen a autorización previa.

8.º A obtención do título habilitante con falsidade ou alteración das condicións que determinaron o seu outorgamento, logo de audiencia do interesado, cando isto proceda.

2. Cando a Comisión Nacional do Xogo constate que o titular da licenza ou autorización incorre nalgunha dalgunhas das causas de resolución referidas nas letras c) ou d) do número anterior iniciará o procedemento para a extinción do correspondente título habilitante.



O procedemento, en que se deberá dar audiencia ao interesado, será resolto e notificado no prazo máximo de tres meses desde a súa iniciación. En caso de que ao vencer este prazo de tres meses non se ditase e notificase resolución expresa, producirase a caducidade, cos efectos previstos no artigo 92 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Nos casos en que a causa de resolución poida ser emendada, a Comisión Nacional do Xogo, no marco do procedemento de extinción e sen prexuízo da continuación deste, poderá requirir o titular da licenza ou autorización para que, no prazo dun mes desde que lle sexa notificado o requirimento, emende o incumprimento. Emendado o incumprimento, a Comisión Nacional do Xogo acordará o arquivo do procedemento. Se transcorrido o citado prazo non se cumprixe o requirimento, a Comisión Nacional do Xogo poderá deixar sen efecto a licenza ou autorización correspondente.

3. A Comisión Nacional do Xogo comunicará aos órganos autonómicos competentes a revogación e extinción dos títulos habilitantes de xogo que afecten o seu territorio.

**Artigo 6. *Transmisión de licenzas, autorizacións e contratación de actividades con terceiros.***

1. Os títulos habilitantes para o desenvolvemento de actividades de xogo non poderán ser obxecto de cesión ou de explotación por terceiras persoas. Unicamente se poderá levar a cabo a transmisión total ou parcial do título, coa autorización previa da Comisión Nacional do Xogo, nos casos de fusión, escisión ou achega de rama de actividade, motivada por unha reestruturación empresarial.

2. A Comisión Nacional do Xogo comunicará aos órganos autonómicos competentes a transmisión dos títulos habilitantes de xogo que afecten o seu territorio.

3. A contratación da prestación de actividades de xogo con terceiros prestadores de servizos, se afectar os elementos esenciais da actividade suxeita a licenza ou autorización e incidir no cumprimento dos requisitos exixidos na normativa aplicable á licenza, deberá ser previamente comunicada á Comisión Nacional do Xogo. Consideraranse elementos esenciais da actividade suxeita a licenza ou autorización a contratación da xestión de servizos de plataforma de xogos, a xestión de clientes e a xestión da infraestrutura básica do sistema técnico, con independencia da denominación dos contratos.

## CAPÍTULO II

### Das licenzas

#### *Sección 1.<sup>a</sup> Disposicións comúns*

**Artigo 7. *Tipos de licenzas.***

Os interesados no desenvolvemento de actividades de xogo non ocasional deberán obter unha licenza xeral por cada modalidade de xogo das recollidas no artigo 3, letras c), d), e) e f), da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, que pretenda comercializar e unha licenza singular por cada un dos tipos de xogo que pretenda explotar de entre os incluídos no ámbito da modalidade de xogo obxecto da licenza xeral.

**Artigo 8. *Dereito a obter licenza.***

Os interesados que cumpran as condicións e requisitos establecidos na Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, neste real decreto, nas bases da convocatoria e, se é o caso, na regulamentación básica dos xogos, terán dereito ao outorgamento da correspondente licenza salvo nos supostos en que as bases da convocatoria limitasen o número de licenzas xerais, de conformidade co artigo 15 deste real decreto e co artigo 10 da referida Lei 13/2011.

Artigo 9. *Comunicación ás comunidades autónomas.*

A Comisión Nacional do Xogo dará traslado ás comunidades autónomas das solicitudes de licenza que poidan afectar o seu territorio, para efectos de que, no prazo sinalado no artigo 83.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, emitan o informe preceptivo a que se refire o artigo 9 da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo.

Así mesmo, a Comisión Nacional do Xogo notificará nun prazo de dez días aos órganos autonómicos competentes o outorgamento e a extinción das licenzas xerais e singulares que afecten o seu territorio.

Artigo 10. *Prazos para a resolución.*

1. O Consello da Comisión Nacional do Xogo resolverá sobre o outorgamento ou denegación das licenzas xerais e singulares no prazo de seis meses contados desde a data en que a solicitude tivo entrada no rexistro correspondente.

2. Transcorridos os prazos referidos neste artigo sen que a Comisión Nacional do Xogo ditase e notificase a resolución expresa sobre a solicitude, esta entenderase estimada por silencio administrativo.

Artigo 11. *Resolución motivada e recursos.*

1. O Consello da Comisión Nacional do Xogo ditará resolución motivada en que outorgue ou denegue a licenza solicitada nos prazos establecidos no artigo anterior. A resolución notificaráselles aos interesados sen prexuízo da publicación na páxina web da Comisión Nacional do Xogo.

2. Contra a resolución a que se refire o número anterior, os interesados poderán interpor recurso potestativo de reposición ante o Consello da Comisión Nacional do Xogo, de acordo co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou recurso contencioso-administrativo de conformidade coa lei reguladora da dita xurisdición.

Artigo 12. *Prazos de vixencia das licenzas.*

1. De conformidade cos disposto no número 6 do artigo 10 da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, as licenzas xerais terán unha duración de dez anos e serán prorrogables por un período de idéntica duración. Naqueles casos en que, de conformidade co establecido no número primeiro do referido artigo, se limitase o número de operadores dun determinado xogo, a prórroga da licenza xeral non terá lugar e deberase proceder ao seu outorgamento mediante o procedemento convocado para estes efectos cando concorran os seguintes requisitos:

- a) Que exista un terceiro ou terceiros interesados na obtención da licenza.
- b) Que o solicitase cun prazo de antelación de, polo menos, 24 meses respecto da data de vencemento.
- c) Que o solicitante ou solicitantes acrediten o cumprimento dos requisitos que foron tidos en conta para a obtención da licenza por parte do titular ou titulares.

2. As licenzas singulares, de conformidade co disposto no número 5 do artigo 11 da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, terán unha duración mínima dun ano e máxima de cinco e serán prorrogables por períodos sucesivos de idéntica duración. A regulación de cada un dos tipos de xogo determinará a duración das correspondentes licenzas singulares e as condicións e requisitos que se deberán cumprir para a súa prórroga.

*Sección 2.ª Das licenzas xerais**Artigo 13. Requisitos dos interesados para a obtención de licenzas xerais.*

1. Poderán participar no procedemento para o outorgamento de licenzas xerais para a explotación e comercialización de xogos que non teñan carácter ocasional as persoas xurídicas con forma de sociedade anónima ou forma societaria análoga do Espazo Económico Europeo, fidedignamente acreditada, que teñan como único obxecto social a organización, comercialización e explotación de xogos.

Cando a persoa xurídica non dispoña de domicilio social en España, deberá designar un representante permanente en España con capacidade para recibir notificacións tanto física como electronicamente.

2. As entidades que soliciten a explotación ou organización dos xogos obxecto da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, deberán:

- a) Acreditar, de conformidade co artigo seguinte e coas bases da convocatoria, a súa solvencia técnica, económica e financeira.
- b) Figurar inscritas na Sección especial de concorrentes do Rexistro Xeral de Licenzas de Xogo referida no artigo 49 deste real decreto.
- c) Estar en posesión do capital social mínimo desembolsado na contía que se estableza nas bases da convocatoria.
- d) Estar en posesión, ben en nome propio, ben a través de entidades do seu grupo empresarial ou de terceiros, dos medios técnicos que aseguren o cumprimento dos requisitos e as obrigas previstos no Real decreto 1613/2011, do 14 de novembro, polo que se desenvolve a Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, no relativo aos requisitos técnicos das actividades de xogo.
- e) Acreditar o cumprimento de calquera outra condición e requisito que se establezan na correspondente convocatoria e, se é o caso, ter constituído as garantías na contía e na forma que se exixiron.

*Artigo 14. Acreditación da solvencia técnica, económica e financeira.*

1. A solvencia técnica, económica e financeira das entidades solicitantes da licenza xeral acreditarase mediante a presentación dos documentos que se determinen nas bases da convocatoria, sen prexuízo do disposto nos números seguintes. No suposto de entidades de nova creación, a solvencia poderá ser acreditada pola información ofrecida e os compromisos vinculantes asumidos polo grupo empresarial a que pertencen.

A Comisión Nacional do Xogo poderá solicitar da entidade solicitante da licenza aclaracións sobre os certificados e documentos presentados para a acreditación da súa solvencia ou requirila para a presentación doutros complementarios.

2. As bases da convocatoria poderán requirir para a acreditación da solvencia económica e financeira da entidade solicitante un ou varios dos medios seguintes:

- a) Declaracións apropiadas de entidades financeiras sobre a solvencia da sociedade.
- b) As contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no rexistro oficial que corresponda.
- c) Declaración sobre o volume global de negocios nos tres últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades da entidade, na medida en que se dispoña das referencias do dito volume de negocios.

Se, por unha razón xustificada, a entidade non está en condicións de presentar as referencias solicitadas, e esta posibilidade figura expresamente nas bases da correspondente convocatoria, a Comisión Nacional do Xogo poderá autorizar ao solicitante a acreditación da súa solvencia económica e financeira por medio de calquera outro documento que considere apropiado.

d) Declaracións de organismos reguladores do xogo do domicilio dos solicitantes que acrediten a súa solvencia.

3. As bases da convocatoria poderán requirir para a acreditación da solvencia técnica da entidade solicitante un ou varios dos medios seguintes:

a) Declaración que indique a estrutura de persoal técnico, estea ou non integrada na entidade, de que esta dispoña para o desenvolvemento das actividades de xogo, especialmente dos encargados do control de calidade e seguridade.

b) Experiencia profesional dos directivos da entidade responsable do desenvolvemento das actividades de xogo obxecto da licenza.

c) Declaración sobre o cadro de persoal medio anual da entidade durante os tres últimos anos, acompañada da documentación xustificativa correspondente.

d) Declaración en que se indiquen os sistemas técnicos de que disporá para o desenvolvemento das actividades de xogo obxecto da licenza, xunto á documentación acreditativa que resulte pertinente.

e) Descrición das instalacións ou unidades técnicas, das medidas empregadas para garantir a calidade e a seguridade e, se é o caso, dos medios de estudo e investigación da empresa.

#### Artigo 15. *Convocatoria do procedemento de outorgamento de licenzas xerais.*

1. O outorgamento das licenzas xerais para a explotación e comercialización de actividades de xogo, de conformidade co disposto no parágrafo segundo do número primeiro do artigo 10 da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, será realizado pola Comisión Nacional do Xogo, logo da oportuna convocatoria dun procedemento que se axustará aos principios de publicidade, concorrencia, igualdade, transparencia, obxectividade e non discriminación, e que se rexerá polo prego de bases que, por proposta da Comisión Nacional do Xogo, sexa aprobado polo titular do Ministerio de Economía e Facenda, e que se publicará no «Boletín Oficial del Estado».

2. De conformidade co parágrafo terceiro do citado número primeiro do artigo 10 da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, a convocatoria dos procedementos de outorgamento de licenzas xerais para a explotación e comercialización de xogos será promovida, de oficio ou por instancia de calquera interesado, pola Comisión Nacional do Xogo. A promoción da convocatoria por instancia do interesado practicarase nun prazo de seis meses contados desde a recepción da solicitude, salvo que a Comisión Nacional do Xogo considere motivadamente, no marco do citado procedemento e tras dar audiencia aos interesados, que existen razóns de protección do menor, prevención de fenómenos de adición ao xogo ou de protección do participante nos xogos que xustifiquen que non se proceda á convocatoria solicitada.

Así mesmo, e de acordo co disposto no parágrafo cuarto do número primeiro do artigo 10 da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, os interesados poderán solicitar a convocatoria dun novo procedemento de outorgamento de licenzas xerais para a explotación e comercialización de determinados xogos, transcorridos, polo menos, 18 meses contados desde a data da anterior convocatoria en relación coa mesma modalidade de xogo. En caso de resolución da Comisión Nacional do Xogo que rexeite a promoción da convocatoria, contarase desde a data desta.

3. A promoción da convocatoria concretarase nunha proposta motivada da Comisión Nacional do Xogo, dirixida ao titular do Ministerio de Economía e Facenda, á cal se xuntará a correspondente proposta de prego de bases.

4. O titular do Ministerio de Economía e Facenda, no prazo de tres meses contados desde a proposta da Comisión Nacional do Xogo, poderá rexeitala motivadamente ou publicar a convocatoria coas modificacións que, se é o caso, considere oportunas.

Transcorrido o referido prazo sen que se dite resolución, a proposta entenderase admitida e procederase a publicar unha convocatoria no prazo de tres meses.

A desestimación da proposta poderá ser potestativamente impugnada en reposición ante o titular do Ministerio de Economía e Facenda polos interesados, de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou impugnarse directamente ante a

xurisdición contencioso-administrativa de acordo co disposto na Lei reguladora da dita xurisdición.

5. O prego de bases da convocatoria non limitará o número de licenzas que puideren ser outorgadas salvo que, por proposta da Comisión Nacional do Xogo emitida sobre a base do procedemento instruído para estes efectos e no que se dará audiencia aos interesados, o titular do Ministerio de Economía e Facenda considere necesario dimensionar a oferta do xogo obxecto da convocatoria e limitar o número de operadores.

Tanto a proposta da Comisión Nacional do Xogo, como o acordo do titular do Ministerio de Economía e Facenda, deberán estar adecuadamente motivados e fundaranse exclusivamente en razóns de protección do menor, prevención de fenómenos de adición ao xogo ou de protección do participante nos xogos. A motivación poderase fundar en informes emitidos polos servizos competentes da Comisión Nacional do Xogo ou por asesores externos que xustifiquen que se poñen en risco os intereses obxecto de tutela.

6. O prego de bases da convocatoria establecerá a documentación que deban presentar os interesados, o capital social mínimo, total e desembolsado, e a forma, os prazos e os requisitos necesarios para a participación no procedemento e para a constitución das garantías que, se é o caso, se exixan.

#### Artigo 16. *Outorgamento de licenzas xerais.*

1. Publicada a convocatoria, e aberto o prazo correspondente, os interesados que cumpran cos requisitos exixidos e que figuren inscritos na Sección especial de concorrentes do Rexistro Xeral de Licenzas de Xogo referida no artigo 49 deste real decreto presentarán as súas solicitudes xunto coa documentación e as garantías exixidas nas bases da convocatoria, e un plan operativo que teña en conta os principios do xogo responsable, a formación de empregados, as canles de distribución, o deseño dos xogos e os demais aspectos da súa actividade que se establezan nas citadas bases.

O solicitante de licenza xeral deberá liquidar a taxa a que se refire o artigo 49 da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, e presentar, xunto á solicitude, o documento acreditativo da liquidación.

2. A solicitude de licenza estará acompañada dun proxecto técnico no cal se detallarán os aspectos fundamentais do sistema para o desenvolvemento de actividades de xogo e, en particular, os compoñentes da unidade central de xogos e do sistema de control interno. A solicitude acompañarase dunha certificación, emitida por unha das entidades designadas para estes efectos pola Comisión Nacional do Xogo, que acredite que o sistema de control interno cumpre coas especificacións exixidas pola normativa aplicable e, en particular, co disposto na letra d) do número terceiro do artigo 8 do Real decreto 1613/2011, do 14 de novembro, polo que se desenvolve a Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, no relativo aos requisitos técnicos das actividades de xogo. Así mesmo, acompañarase dun informe preliminar emitido por unha ou varias das entidades designadas para estes efectos pola Comisión Nacional do Xogo e no cal se certifique, con base no proxecto técnico presentado, que a plataforma de xogos reúne os requisitos establecidos na letra a) do número terceiro do artigo 8 do Real decreto 1613/2011, do 14 de novembro, polo que se desenvolve a Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, no relativo aos requisitos técnicos das actividades de xogo.

A Comisión Nacional do Xogo poderá requirir o interesado para que, no prazo de dez días contados desde a notificación do requirimento, emende os defectos da solicitude e presente canta documentación e información sexa necesaria para a súa avaliación.

3. Na solicitude de licenza xeral deberase presentar canta documentación se estableza na correspondente convocatoria e, polo menos, a necesaria para dar por acreditados os seguintes aspectos:

a) Denominación, duración, domicilio, capital social e, se é o caso, porcentaxe de participación do capital non comunitario. Así mesmo, deberase presentar unha descrición detallada da estrutura de control e do accionariado, incluíndo a identidade da persoa ou

persoas físicas que en último termo posúan ou controlen a sociedade solicitante, directa ou indirectamente a través da súa participación no capital social dunha persoa xurídica.

b) Identificación dos membros do órgano de administración da sociedade, dos seus directivos, xerentes ou apoderados, se os houber.

c) Natureza, modalidades e tipos de actividade solicitadas sometidas a licenza, así como os acontecementos sobre cuxos resultados se realicen aqueles.

d) Ámbito territorial en que se vaia desenvolver a actividade sometida a licenza.

e) Condicións dos premios que se outorgarán polo xogo ou aposta e contía destes que en ningún caso poderá superar a porcentaxe que para o efecto se estableza no prego de bases da convocatoria.

f) Relación dos sistemas, equipamentos, aplicacións e instrumentos técnicos que serán empregados para a explotación da actividade e, se é o caso, a intención de empregar terminais.

g) Descrición e orixe dos recursos financeiros propios e alleos que se prevé utilizar na explotación das actividades obxecto de licenza.

h) Solicitude de autorización para a realización da actividade publicitaria, de patrocinio ou promoción.

i) Características do servizo de atención ao participante e capacidade para atender en español.

j) Mecanismos de prevención para evitar a fraude e sistemas de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo a que se refire a Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención de branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo.

k) Os sistemas, procedementos ou mecanismos establecidos, de acordo coa natureza do xogo, para evitar o acceso das persoas incursas nalgunha das prohibicións subxectivas establecidas no artigo 6 da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, e, especialmente, os dirixidos a garantir que se comprobou a idade dos participantes.

4. No prazo establecido no artigo 10 deste real decreto, a Comisión Nacional do Xogo, se considera cumpridos os requisitos establecidos nas bases da convocatoria e logo da valoración favorable do informe preliminar de certificación a que se refire o número segundo deste artigo, outorgará ou denegará motivadamente a licenza xeral e acordará a súa inscrición no Rexistro Xeral de Licenzas de Xogo.

O outorgamento da licenza xeral quedará condicionado á presentación, no prazo improrrogable de catro meses contados desde a notificación ao interesado da concesión da citada licenza, do informe ou informes definitivos de certificación dos sistemas técnicos de xogo e a súa posterior homologación por parte da Comisión Nacional do Xogo, no prazo e de conformidade co procedemento a que se refire o número primeiro do artigo 8 do Real decreto 1613/2011, do 14 de novembro, polo que se desenvolve a Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, no relativo aos requisitos técnicos das actividades de xogo.

5. A Comisión Nacional do Xogo poderá solicitar informes doutras administracións ou organismos públicos, nos aspectos da súa competencia, antes de autorizar ou denegar a licenza xeral. En particular, solicitará informe do Servizo Executivo da Comisión de Prevención do Branqueo de Capitais e Infraccións Monetarias sobre a adecuación dos procedementos do solicitante da licenza para a prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo e outros aspectos da súa competencia. Este informe deberá ser emitido nun prazo improrrogable de dez días e non paralizará a resolución do expediente.

6. A resolución da licenza xeral terá o contido establecido no número terceiro do artigo 10 da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, na súa normativa de desenvolvemento, nas bases da convocatoria e, polo menos, o seguinte:

- a) Identificación da persoa xurídica habilitada, domicilio e capital social.
- b) Identificación da modalidade de licenza xeral e duración desta.
- c) Ámbito territorial da licenza xeral.

- d) Medios de comercialización dos xogos.
- e) Se é o caso, autorización para a realización de actividades publicitarias ou de promoción.
- f) Os elementos esenciais da localización e prestación dos sistemas técnicos de xogo.

### Sección 3.<sup>a</sup> Das licenzas singulares

#### Artigo 17. *Procedemento para a solicitude e o outorgamento de licenzas singulares.*

1. Os titulares dunha licenza xeral para unha determinada modalidade de xogo poderán solicitar á Comisión Nacional do Xogo unha ou máis licenzas singulares para cada un dos tipos de xogo da respectiva modalidade cuxa regulamentación básica fose publicada.

A Comisión Nacional do Xogo, con suxeición ao disposto neste artigo, establecerá o procedemento para a solicitude e outorgamento das licenzas singulares.

2. As licenzas singulares poderán ser solicitadas polo titular da licenza xeral en calquera momento sempre que a licenza xeral permaneza vixente.

Naqueles casos en que así o estableza a convocatoria para o outorgamento de licenzas xerais, a solicitude de licenzas singulares poderase realizar simultaneamente coa solicitude da licenza xeral, e quedará condicionada ao outorgamento da licenza xeral.

3. A solicitude de licenza singular deberá incluír a acreditación do cumprimento dos requisitos previstos na regulamentación básica dos xogos, os proxectos de xogo que van ser desenvolvidos polo interesado sobre a base da licenza singular solicitada e as regras particulares de cada un deles.

A solicitude de licenza singular estará acompañada, así mesmo, dun proxecto técnico en que se detallarán os aspectos fundamentais do sistema técnico para o desenvolvemento das actividades de xogo suxeitas a licenza singular e da documentación que para estes efectos estableza a Comisión Nacional do Xogo no procedemento a que se refire o número primeiro deste artigo.

O solicitante de licenza singular deberá liquidar a taxa a que se refire o artigo 49 da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, e presentar, xunto á solicitude, o documento acreditativo da liquidación.

4. No marco do procedemento de outorgamento de licenza singular, o interesado deberá xuntar á súa solicitude un informe preliminar de certificación sobre o sistema técnico do xogo para o cal se solicita a licenza nos termos e co contido establecidos no Real decreto 1613/2011, do 14 de novembro, polo que se desenvolve a Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, no relativo aos requisitos técnicos das actividades de xogo, e nas disposicións da Comisión Nacional do Xogo.

O interesado presentará á Comisión Nacional do Xogo o informe ou os informes favorables de certificación definitivos dos seus sistemas técnicos de xogo no prazo de catro meses contados desde a notificación do outorgamento provisional da licenza singular, para proceder á súa homologación.

5. No prazo establecido no artigo 10 deste real decreto, e á vista do cumprimento polo solicitante dos requisitos contidos na normativa aplicable, a Comisión Nacional do Xogo outorgará provisionalmente ou denegará a licenza singular e acordará, en caso de outorgamento provisional, a inscrición provisional no Rexistro Xeral de Licenzas de Xogo.

O outorgamento provisional da licenza singular quedará condicionado á obtención, no prazo improrrogable de seis meses contados desde a súa notificación ao interesado, da homologación definitiva a que se refire o número terceiro do artigo 11 do Real decreto 1613/2011, do 14 de novembro, polo que se desenvolve a Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, no relativo aos requisitos técnicos das actividades de xogo.

A licenza provisional extinguirase, en todo caso, transcorrido o prazo referido no parágrafo anterior sen necesidade de pronunciamento expreso por parte da Comisión Nacional do Xogo.

6. Emitido en prazo o informe definitivo favorable de certificación dos sistemas técnicos de xogo, o operador trasladarallo á Comisión Nacional do Xogo para a súa valoración. Se a valoración do informe é positiva, a Comisión Nacional do Xogo concederá a homologación e modificará de oficio a inscrición provisional da licenza singular, que pasará a ser definitiva e se publicará na páxina web da Comisión Nacional do Xogo.

Se a valoración do informe non é positiva, a Comisión Nacional do Xogo ordenará a cesación da actividade do operador, e adoptará as medidas necesarias para evitar eventuais prexuízos aos participantes e ao interese público.

7. O outorgamento provisional da licenza singular habilita o operador para o inicio da actividade de xogo obxecto dela.

8. Se durante o período de vixencia da licenza singular se modificar substancialmente algunha das circunstancias comunicadas na solicitude que fose considerada relevante no outorgamento, o operador deberá notificar no prazo de corenta e oito horas as novas circunstancias á Comisión Nacional do Xogo que, se é o caso, adoptará as medidas que considere precisas para a protección dos participantes e do interese público.

#### Artigo 18. *Solicitude de licenzas singulares e regulamentación básica dos xogos.*

1. O operador interesado no desenvolvemento e explotación dun tipo de xogo que careza de regulamentación básica poderá solicitar a súa regulación á Comisión Nacional do Xogo.

Recibida a solicitude do interesado, a Comisión Nacional do Xogo iniciará o correspondente procedemento, en que se dará audiencia aos interesados e a cantos organismos considere oportunos para valorar a conveniencia de regular o xogo solicitado.

A Comisión Nacional do Xogo resolverá motivadamente sobre a solicitude no prazo de seis meses contados desde a data en que aquela se recibiu.

2. A Comisión Nacional do Xogo dará traslado ao titular do Ministerio de Economía e Facenda da resolución definitiva sobre a solicitude do interesado para que proceda, se así o considera oportuno, á regulación do xogo proposto. A Comisión Nacional do Xogo acompañará a súa resolución dunha proposta de regulamentación básica do xogo.

3. A Comisión Nacional do Xogo poderá, así mesmo, solicitar motivadamente ao Ministerio de Economía e Facenda que proceda á regulación dun determinado tipo de xogo. Neste caso, a solicitude da Comisión Nacional do Xogo irá acompañada dunha proposta de regulamentación básica do xogo correspondente.

### CAPÍTULO III

#### Das autorizacións

#### Artigo 19. *Ámbito e límites da autorización.*

1. De acordo co disposto no artigo 12 da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, o desenvolvemento de actividades de xogo de carácter ocasional ou esporádico, que se desenvolvan no ámbito estatal, estará sometida a autorización previa por parte da Comisión Nacional de Xogo.

2. A Comisión Nacional do Xogo, de conformidade co disposto no artigo citado no número anterior, poderá establecer límites á contía dos premios obtidos nos xogos sometidos a autorización. Esa limitación poderase establecer con carácter xeral, mediante a oportuna disposición, ou na resolución de outorgamento da autorización.

#### Artigo 20. *Documentación que se debe xuntar á solicitude de autorización.*

1. Os interesados no desenvolvemento de actividades de xogo de carácter ocasional ou esporádico deberán presentar a súa solicitude de conformidade co establecido no artigo 4 deste real decreto, identificando con claridade o tipo de xogo que desexan explotar, regras do xogo, medio a través do cal se vai comercializar, ámbito territorial,



importe do premio e importe que deben satisfacer os participantes no xogo e, se é o caso, solicitude de autorización para realizar publicidade ou promoción.

2. O solicitante da autorización deberá liquidar a taxa a que se refire o artigo 49 da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, e acreditar:

a) Que a actividade de xogo que pretende explotar cumpre as bases establecidas na orde ministerial que regule o xogo referido.

b) Que non está incurso en ningún dos supostos recollidos no número 2 do artigo 13 da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo.

c) Que goza de solvencia económica suficiente para afrontar o pagamento dos premios e técnica para o correcto desenvolvemento do xogo.

3. A Comisión Nacional do Xogo, no marco das bases xerais dos xogos esporádicos, poderá establecer requisitos e condicións adicionais para a solicitude da autorización.

#### Artigo 21. *Procedemento e prazos para a resolución.*

1. As solicitudes de autorización tramitaranse de conformidade co establecido na Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, neste real decreto e na regulamentación básica dos xogos, e subsidiariamente na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e na súa normativa de desenvolvemento.

2. O Consello da Comisión Nacional do Xogo, no prazo dun mes contado desde que a solicitude tivo entrada no rexistro correspondente, ditará resolución motivada, en que se outorgue ou denegue a autorización solicitada.

3. Transcorrido o prazo referido no número anterior sen que o Consello da Comisión Nacional do Xogo notificase o outorgamento da autorización, a solicitude entenderase desestimada por silencio.

#### Artigo 22. *Contido da resolución.*

1. A resolución de outorgamento de autorización recollerá cantos requisitos estableza a Comisión Nacional do Xogo e, polo menos, os seguintes:

a) Identificación da persoa física ou xurídica autorizada, domicilio e, se é o caso, capital social.

b) Identificación da modalidade e tipo de xogo e as súas regras.

c) Data de celebración do xogo ou evento autorizado.

d) Ámbito territorial da autorización.

e) Medio de comercialización do xogo.

f) Importe que deben satisfacer os participantes no xogo.

g) Condicións dos premios que se outorguen polo xogo autorizado, contía destes e, se é o caso, límites que se establezan en relación co seu importe.

h) Autorización para a realización de actividades publicitarias ou de promoción.

i) Os sistemas, procedementos ou mecanismos establecidos, de acordo coa natureza do xogo autorizado, para evitar o acceso por parte das persoas incursoas nalgunha das prohibicións subxectivas establecidas no artigo 6 da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, e, especialmente, os dirixidos a garantir que se comprobou a idade dos participantes.

#### Artigo 23. *Recursos.*

Contra a resolución expresa ou contra a desestimación por silencio administrativo referida no número terceiro do artigo 21 deste real decreto, os interesados poderán interpor recurso potestativo de reposición ante o Consello da Comisión Nacional do Xogo, de acordo co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou recurso contencioso-administrativo de conformidade coa lei reguladora da dita xurisdición.

## CAPÍTULO IV

**Da autorización para o desenvolvemento de xogos de lotaría**

Artigo 24. *Autorización para a comercialización non ocasional de xogos de lotaría.*

1. A autorización para o desenvolvemento, xestión e comercialización non ocasional dos xogos de lotaría corresponde ao titular do Ministerio de Economía e Facenda.

2. Corresponde, así mesmo, ao titular do Ministerio de Economía e Facenda, logo do informe da Comisión Nacional do Xogo, a modificación da autorización a que se refire o parágrafo anterior.

3. A Comisión Nacional do Xogo poderá desenvolver normativamente cantos aspectos sobre a comercialización dos xogos de lotaría sexan precisos para o correcto cumprimento das competencias que ten encomendadas.

Artigo 25. *Procedemento para a autorización da comercialización non ocasional de xogos de lotaría.*

1. O operador legalmente designado para a comercialización dos xogos de lotaría solicitará ao titular do Ministerio de Economía e Facenda a autorización correspondente ou, se é o caso, a modificación da xa inscrita.

A solicitude irá acompañada dunha memoria xustificativa en que se recollan as previsións económicas do xogo, incluíndo un plan de negocio a tres anos, a afectación prevista aos xogos xa autorizados e que viñesen sendo explotados nesa data, a eventual influencia en relación cun posible incremento dos fenómenos de adicción ao xogo, e os instrumentos e medidas propostos para a evitación da fraude, do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo, así como para a protección dos menores e persoas dependentes. Así mesmo, presentará un plan operativo que teña en conta os principios do xogo responsable, a formación dos empregados, as canles de distribución e o deseño dos xogos cuxa autorización se solicita.

2. Recibida a solicitude, o Ministerio de Economía e Facenda requirirá a Comisión Nacional do Xogo para que, no prazo de quince días contados desde a recepción do requirimento no seu rexistro, emita informe sobre a solicitude.

Emitido o informe pola Comisión Nacional do Xogo e á vista deste, o titular do Ministerio de Economía e Facenda, antes de que transcorran tres meses desde a solicitude do operador autorizado, aceptará a solicitude ou rexeitaráa motivadamente.

3. A autorización dos xogos de lotaría fixará as condicións de xestión dos xogos e incluírá, polo menos:

- a) A porcentaxe mínima e, se é o caso, máxima destinada a premios.
- b) As condicións e requisitos para a celebración de sorteos, cando procedan, e a fixación do seu número ou dos programas de lotaría instantánea ou presorteada.
- c) Os dereitos dos participantes e os procedementos de reclamación.
- d) As medidas de protección dos menores, persoas dependentes e para a prevención da fraude e do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo nos termos dos disposto na Lei 10/2010, do 28 de abril.
- e) O procedemento de inspección e control por parte da Comisión Nacional do Xogo.

4. O Ministerio de Economía e Facenda notificará á Comisión Nacional do Xogo para a súa inscrición, o outorgamento da autorización ou, se é o caso, a modificación da autorización xa inscrita.

A Comisión Nacional do Xogo, no prazo de trinta días contados desde o seguinte a aquel en que lle sexa notificada a autorización para a comercialización dos xogos de lotaría ou a modificación dunha autorización inscrita, procederá á súa inscrición ou modificación, para efectos de mera publicidade, na Sección especial de autorizacións de xogos de lotaría do Rexistro Xeral de Licenzas de Xogo.

5. A autorización poderá incluír, por solicitude do operador, a habilitación para a realización de actividades publicitarias, promocionais ou de patrocinio en relación cos xogos de lotaría autorizados e fixará os termos e condicións para o desenvolvemento das actividades referidas incluíndo, se é o caso, a limitación máxima de investimento publicitario.

6. O titular do Ministerio de Economía e Facenda resolverá motivadamente sobre o outorgamento ou denegación das autorizacións no prazo de seis meses contados desde a data en que a solicitude tivo entrada no rexistro correspondente.

Transcorridos os prazos referidos no parágrafo anterior sen que se ditase e notificase a resolución expresa sobre a solicitude, esta entenderase estimada por silencio.

7. Contra a resolución a que se refire o número anterior, os interesados poderán interpor recurso potestativo de reposición ante o titular do Ministerio de Economía e Facenda, de acordo co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou recurso contencioso-administrativo de conformidade coa lei reguladora da dita xurisdición.

#### Artigo 26. *Autorización para a comercialización de xogos de lotaría de ámbito superior ao estatal.*

1. Corresponde ao titular do Ministerio de Economía e Facenda, logo de informe da Comisión Nacional do Xogo, a autorización para a comercialización dos xogos de lotaría cuxo ámbito territorial non se limite en exclusiva ao do Estado e, en particular, para:

- a) O desenvolvemento, xestión e comercialización de xogos de lotaría de forma conxunta ou coordinada con operadores habilitados noutros Estados.
- b) O desenvolvemento, xestión e comercialización noutros Estados dos xogos de lotaría comercializados en España.
- c) O desenvolvemento, xestión e comercialización por parte dos operadores autorizados en España de xogos de lotaría de operadores habilitados noutros Estados.

Corresponde, así mesmo, ao titular do Ministerio de Economía e Facenda, logo de informe da Comisión Nacional do Xogo, a modificación das autorizacións referidas neste número.

2. O operador autorizado para a comercialización dos xogos de lotaría solicitará ao titular do Ministerio de Economía e Facenda a autorización correspondente ou, se é o caso, a modificación da xa inscrita.

A solicitude irá acompañada dunha memoria xustificativa en que se recollan as previsións económicas do xogo obxecto da solicitude, incluído un plan de negocio a tres anos, a afectación prevista aos xogos xa autorizados e que viñesen sendo explotados nesa data en España, a eventual influencia do xogo correspondente en relación cun posible incremento dos fenómenos de adicción ao xogo e os instrumentos e medidas propostos para a evitación da fraude, do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo, así como para a protección dos menores e persoas dependentes. Así mesmo, presentará un plan operativo que teña en conta os principios do xogo responsable, a formación dos empregados, as canles de distribución e o deseño dos xogos cuxa autorización se solicita.

O operador autorizado presentará, ademais, os acordos, contratos ou convenios de colaboración ou coordinación alcanzados cos operadores habilitados noutros Estados e aqueles outros que tivesen por obxecto a comercialización dos seus xogos noutros Estados ou a dos xogos de operadores habilitados noutros Estados en territorio español.

3. Recibida a solicitude, o Ministerio de Economía e Facenda requirirá a Comisión Nacional do Xogo para que, no prazo de quince días contados desde o día seguinte á recepción do requirimento, emita informe sobre a solicitude.

Emitido o informe pola Comisión Nacional do Xogo e á vista deste, o titular do Ministerio de Economía e Facenda resolverá motivadamente sobre o outorgamento ou

denegación das autorizacións no prazo de seis meses contados desde a data en que a solicitude tivo entrada no rexistro correspondente.

Transcorridos os prazos referidos no parágrafo anterior sen que se ditase e notificase a resolución expresa sobre a solicitude, esta entenderase estimada por silencio administrativo.

4. Contra a resolución a que se refire o número anterior, os interesados poderán interpor recurso potestativo de reposición ante o titular do Ministerio de Economía e Facenda, de acordo co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou recurso contencioso-administrativo de conformidade coa lei reguladora da dita xurisdición.

5. A autorización dos xogos de lotaría fixará a súa duración e as condicións de xestión dos xogos de lotaría e incluirá, polo menos:

- a) A porcentaxe mínima e, se é o caso, máxima destinada a premios.
- b) Se é o caso, a porcentaxe de participación do operador autorizado no xogo de lotaría que desenvolve de forma conxunta ou coordinada con operadores habilitados noutros Estados ou, se é o caso, os mecanismos e instrumentos que determinen o grao de participación do operador autorizado no xogo.
- c) Se é o caso, as condicións e requisitos para a comercialización noutros Estados do xogo de lotaría autorizado en España.
- d) Se é o caso, as condicións e requisitos que se deben cumprir para a comercialización en España dun xogo de lotaría doutro Estado.
- e) As condicións e requisitos para a celebración dos sorteos, cando procedan, a fixación do seu número e os requisitos que deban cumprir os que, se é o caso, se celebren fóra de España, ou o programa de premios se se trata de lotaría instantánea ou presorteada.
- f) Os dereitos dos participantes en España, as formas e condicións de aboamento dos premios e os procedementos de reclamación.
- g) As medidas de protección dos menores, persoas dependentes e para a prevención da fraude e do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo nos termos dos disposto na Lei 10/2010, do 28 de abril.
- h) O procedemento de inspección e control por parte da Comisión Nacional do Xogo.

6. O Ministerio de Economía e Facenda notificará á Comisión Nacional do Xogo, para a súa inscrición, o outorgamento da autorización.

A Comisión Nacional do Xogo, no prazo de trinta días contados desde o seguinte a aquel en que lle sexa notificada a autorización ou a modificación dunha autorización inscrita, procederá á súa inscrición ou modificación, para efectos de mera publicidade, na Sección especial de autorizacións de xogos de lotaría do Rexistro Xeral de Licenzas de Xogo.

7. A autorización poderá incluír, por solicitude do operador, a habilitación para a realización de actividades publicitarias, promocionais ou de patrocinio en relación cos xogos de lotaría autorizados e fixará os termos e condicións para o desenvolvemento das actividades referidas incluíndo, se é o caso, un límite máximo de investimento publicitario.

*Artigo 27. Autorización excepcional para a comercialización ocasional de xogos de lotaría.*

1. Corresponde ao titular do Ministerio de Economía e Facenda, logo de informe da Comisión Nacional do Xogo, a autorización excepcional para o desenvolvemento, xestión e comercialización ocasional dos xogos de lotaría que desenvolvan entidades sen fins lucrativos e finalidade benéfica.

2. Para os efectos deste real decreto, considéranse entidades sen fins lucrativos e finalidade benéfica as entidades que, inscritas no rexistro correspondente, cumplan os requisitos establecidos no artigo 3 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal

das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, e que, de conformidade cos seus estatutos, cumpran fins de carácter benéfico, benéfico-asistencial ou benéfico-docente.

3. As entidades sen fins lucrativos e finalidade benéfica interesadas no desenvolvemento, xestión e comercialización ocasional dun determinado xogo de lotaría, deberán solicitar ao titular do Ministerio de Economía e Facenda a autorización excepcional para este. Na súa solicitude deberán presentar, ademais da documentación que acredite a súa condición de entidade sen fins lucrativos e finalidade benéfica, unha memoria económica e xustificativa en que se recollan as previsións económicas do xogo cuxa comercialización se solicita e o destino que se dará aos beneficios obtidos, a proposta das regras particulares que deban rexer o xogo, o importe total dos billetes ou o seu equivalente electrónico que se pretenden emitir, a forma e medios para a comercialización da emisión, o programa de premios do xogo e a data, hora e lugar previstos para a celebración do correspondente sorteo ou evento.

4. Recibida a solicitude, o Ministerio de Economía e Facenda requirirá a Comisión Nacional do Xogo para que, no prazo de quince días contados desde o día seguinte á recepción do requirimento, emita informe sobre a solicitude.

Emitido o informe pola Comisión Nacional do Xogo e á vista deste, o titular do Ministerio de Economía e Facenda, antes de que transcorran tres meses desde a solicitude da entidade interesada, autorizará a actividade ou rexeitará motivadamente a solicitude.

5. A autorización aprobará, se é o caso, coas modificacións que sexan precisas, as regras particulares do xogo de lotaría autorizado e fixará as condicións de xestión do xogo, polo menos:

- a) No importe total dos billetes ou o seu equivalente electrónico de que conste o sorteo ou evento autorizado ou os elementos propios dunha lotaría instantánea ou presorteada.
- b) Na porcentaxe da emisión que deba ser destinada a premios.
- c) Nas condicións e requisitos para a celebración do sorteo ou evento autorizado ou programa de lotaría instantánea ou presorteada.
- d) Na forma e os medios destinados á comercialización da emisión.
- e) Nos dereitos dos participantes e os procedementos de reclamación.
- f) No ámbito territorial en que se vaia desenvolver a comercialización do xogo de lotaría.
- g) Nas medidas de protección dos menores, persoas dependentes e para a prevención da fraude e do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo nos termos do disposto na Lei 10/2010, do 28 de abril.

6. O titular do Ministerio de Economía e Facenda resolverá motivadamente sobre o outorgamento ou denegación das autorizacións no prazo de seis meses contados desde a data en que a solicitude tivo entrada no rexistro correspondente.

Transcorridos os prazos referidos no parágrafo anterior sen que se ditase e notificase a resolución expresa sobre a solicitude, esta entenderase estimada por silencio.

7. Contra a resolución a que se refire o número anterior, os interesados poderán interpor recurso potestativo de reposición ante o titular do Ministerio de Economía e Facenda, de acordo co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou recurso contencioso-administrativo de conformidade coa lei reguladora da dita xurisdición.

8. O Ministerio de Economía e Facenda notificará á Comisión Nacional do Xogo, para a súa inscrición, o outorgamento da autorización.

A Comisión Nacional do Xogo, no prazo de trinta días contados desde o seguinte a aquel en que lle sexa notificada a autorización para a comercialización ocasional de xogos de lotaría, procederá á súa inscrición, para efectos de mera publicidade, na Sección especial de autorizacións de xogos de lotaría do Rexistro Xeral de Licenzas de Xogo.

9. A autorización poderá incluír, por solicitude do operador, a habilitación para a realización de actividades publicitarias, promocionais ou de patrocinio en relación cos xogos de lotaría ocasionais autorizados e fixará os termos e condicións para o desenvolvemento das actividades referidas.

Artigo 28. *Transmisión da autorización.*

A autorización para a comercialización de xogos de lotaría non poderá ser obxecto de cesión ou de explotación por terceiras persoas. Unicamente se poderá levar a cabo a transmisión do título, logo do informe da Comisión Nacional do Xogo e coa autorización do titular do Ministerio de Economía e Facenda, nos casos de fusión, escisión ou achega de rama de actividade, motivados por unha reestruturación empresarial, sen prexuízo da autorización da Comisión Nacional da Competencia no caso de que as anteriores operacións constituísen concentracións económicas no sentido da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia.

Artigo 29. *Extinción da autorización.*

1. A autorización para a comercialización dos xogos de lotaría extinguirase por renuncia expresa do operador autorizado manifestada por escrito e por resolución do titular do Ministerio de Economía e Facenda en que expresamente se constate a concorrencia dalgunha das seguintes causas de resolución:

- a) A perda de todas ou algunha das condicións que determinaron o seu outorgamento.
- b) A disolución ou extinción da sociedade titular da autorización, así como o cesamento definitivo da actividade obxecto da autorización ou a falta do seu exercicio durante o período mínimo de actividade que se fixe na autorización.
- c) A declaración de concurso ou a declaración de insolvencia en calquera outro procedemento.
- d) A imposición como sanción no correspondente procedemento sancionador.
- e) O incumprimento das condicións esenciais da autorización.
- f) A cesión ou transmisión da autorización a través de fusión, escisión ou achega de rama de actividade, sen a autorización previa do titular do Ministerio de Economía e Facenda.
- g) A obtención da autorización con falsidade ou alteración das condicións que determinaron o seu outorgamento, logo de audiencia do interesado, cando isto proceda.

2. A autorización excepcional a que se refire o artigo 27 deste real decreto extinguirase coa celebración do sorteo ou evento ou a finalización do programa de lotaría instantánea ou presorteada obxecto da autorización, sen prexuízo do cumprimento das obrigas que correspondan ao operador autorizado e que sexan posteriores ao sorteo ou evento ou á finalización do período establecido para a comercialización do produto de lotaría instantánea ou presorteada.

Artigo 30. *Colaboradores na comercialización de produtos de lotaría.*

1. As persoas físicas ou xurídicas que, non formando parte da rede externa de comercialización dos operadores designados para a realización de actividades reservadas pola Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, comercialicen ou participen na comercialización de xogos de lotaría deberán contar coa autorización expresa do operador designado para o desenvolvemento das citadas actividades, con excepción dos terceiros que, baixo a exclusiva responsabilidade dos xestores da citada rede externa comercialicen produtos de lotarías de acordo cos usos e costumes tradicionalmente admitidos.

2. A falta de autorización dará lugar a que o comercializador ou a persoa ou entidade que participe na comercialización poida ser sancionado como autor dunha infracción moi

grave establecida nas letras g) ou h) do artigo 39 da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, ou grave establecida na letra l) do artigo 40 da mesma lei.

3. Os operadores designados para a realización de actividades reservadas pola Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, deberán comunicar á Comisión Nacional do Xogo, coa periodicidade que esta determine, a relación das persoas ou entidades autorizadas para a comercialización dos seus produtos obxecto de reserva.

## TÍTULO II

### Garantías no desenvolvemento da relación de xogo

#### CAPÍTULO I

##### Relacións entre os operadores e os participantes

Artigo 31. *Contrato de xogo.*

1. O contrato de xogo ten a natureza dos contratos de adhesión e formalizarase pola aceptación expresa do participante das súas cláusulas.

2. A aceptación expresa do contrato de xogo polo participante manifestarase por calquera medio válido en dereito e a proba desta e a súa conservación corresponderá en todo caso ao operador de xogo.

3. O participante deberá aceptar expresamente calquera modificación posterior do contrato de xogo.

4. O operador deberá pór á disposición do xogador a través do seu rexistro de usuario unha copia do contrato de xogo inicialmente suscrito e das súas eventuais modificacións, así como os instrumentos de sinatura electrónica precisos para a súa formalización e para o posterior desenvolvemento da relación xurídica.

5. A relación entre o participante e o operador que se formaliza no contrato de xogo constitúe unha relación de carácter privado, e por tanto, as disputas ou controversias que poidan xurdir entre eles estarán suxeitas aos xulgados e tribunais españois da orde xurisdiccional civil, sen prexuízo do exercicio da potestade sancionadora exercida pola Comisión Nacional do Xogo no ámbito das súas competencias.

Artigo 32. *Contido do contrato de xogo.*

1. O documento que recolla o contrato de xogo presentará, polo menos, o contido que estableza a Comisión Nacional do Xogo e, en todo caso, o seguinte:

- a) Datos identificativos do participante.
- b) Obxecto do contrato.
- c) Procedemento de activación do rexistro de usuario e de xogo.
- d) Operacións que poden ser realizadas no rexistro de usuario e de xogo.
- e) Relación dos servizos accesorios ofrecidos ao participante, prezo e forma de pagamento destes.
- f) Dereitos e obrigas do participante.
- g) Obrigas, responsabilidade e dereitos do operador.
- h) Formas de cancelación, resolución ou, se é o caso, suspensión do contrato de xogo e efectos da cancelación, resolución ou suspensión nos rexistros de usuario e nas contas de xogo.
- i) Eficacia e duración do contrato.
- j) Tratamento dos datos persoais.
- k) Tratamento dos rexistros de usuario inactivos e procedemento para a súa activación nos supostos de suspensión.

2. A Comisión Nacional do Xogo poderá desenvolver o contido establecido no número anterior e introducir as exixencias que veñan xustificadas por razóns obxectivas e

debidamente motivadas. Así mesmo, poderá ditar instrucións en relación con aquelas cláusulas contractuais que poidan ser consideradas abusivas ou prexudiciais para os participantes ou lesivas para o interese público.

3. O titular do Ministerio de Economía e Facenda poderá aprobar, de conformidade co disposto no número terceiro do artigo 19 da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, os modelos de contrato de xogo que poderán ser voluntariamente empregados polos operadores de xogo.

#### Artigo 33. *Obrigas do operador en relación cos participantes.*

1. Durante a vixencia do contrato de xogo, o operador estará obrigado a:

a) Verificar, cunha periodicidade que, como mínimo, será anual, e de conformidade cos procedementos establecidos para estes efectos pola Comisión Nacional do Xogo, que os participantes titulares dos rexistros de usuario non figuran inscritos no Rexistro Xeral de Interdicións do Xogo. Así mesmo, o operador adoptará as medidas específicas de control respecto daqueles participantes que solicitaron que lles fose prohibida a práctica dun determinado xogo.

b) Conservar o contrato de xogo por un prazo de seis anos desde a cancelación do rexistro de usuario e adoptar todas as medidas necesarias para a protección dos datos do participante.

c) Solicitar o consentimento expreso do participante para a prórroga da relación contractual nos supostos de modificación unilateral do contrato ou novación subxectiva do operador.

d) Conservar o detalle analítico dos movementos en relación coa conta de xogo do xogador e das xogadas efectuadas durante un período de seis anos.

e) Realizar, coa frecuencia que estableza a Comisión Nacional do Xogo, verificacións periódicas da correcta utilización da conta de xogo, e notificar á Comisión Nacional do Xogo e ao Servizo Executivo da Comisión de Prevención do Branqueo de Capitais e Infraccións Monetarias as posibles violacións ou as anomalías detectadas no seu uso no momento en que teña coñecemento disto.

f) Rexistrar de maneira inmediata na conta de xogo, mediante cargos e aboamentos, todas as operacións, incluíndo os elementos identificativos completos destas e, en particular, os relativos a xogadas, ganancias, devolucións, ingresos, reintegros ou bonos recibidos.

g) Realizar o aboamento dos premios de conformidade co disposto no artigo 38 deste real decreto.

h) Pór en coñecemento da Comisión Nacional do Xogo os datos identificativos daqueles participantes que poidan supor un risco de colusión ou que utilizaron fraudulentamente na conta de xogo tarxetas de crédito.

2. O operador poderá suspender cautelarmente o participante que tivo, ao seu xuízo, un comportamento colusorio ou fraudulento ou que permitiu a utilización do seu rexistro de usuario por parte de terceiros, ata que se demostren os feitos. Contrastados os feitos, se o operador ten elementos de xuízo suficientes para poder considerar probado que o participante incorreu en fraude, colusión ou posta á disposición de terceiros da súa propia conta, o contrato será resolto unilateralmente e notificado este feito, xunto cos elementos de xuízo reunidos, á Comisión Nacional do Xogo.

#### Artigo 34. *Obrigas do participante.*

Durante a vixencia do contrato de xogo as obrigas do participante serán as seguintes:

a) Non alterar o normal desenvolvemento dos xogos.

b) Adoptar comportamentos baseados na honestidade e o respecto polos demais participantes e polo operador de xogo.

c) Cumprir as normas e regras que, en relación cos participantes, se establezan na regulamentación básica dos xogos.



- d) Non ceder o rexistro de usuario a terceiros, nin facilitar o uso non autorizado deste.
- e) Non realizar transferencias a contas de xogo doutros xogadores.

Artigo 35. *Rexistros de usuario e contas de xogo.*

1. Para a participación naqueles xogos en que se requira a identificación do participante, este deberá aceptar o correspondente contrato de xogo e ser titular dun rexistro de usuario vinculado a el.

O rexistro de usuario activo será único e presentará o contido e as características referidas no artigo 26 do Real decreto 1613/2011, do 14 de novembro, polo que se desenvolve a Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, no relativo aos requisitos técnicos das actividades de xogo.

O participante, a través do rexistro de usuario, poderá realizar consultas e operacións de xogo e disporá, en todo caso e en tempo real, do saldo da conta de xogo vinculada e do rexistro de todas as participacións ou xogadas efectuadas, polo menos, nos últimos trinta días.

O operador de xogo unicamente poderá acceder ao rexistro de usuario para realizar aquelas operacións de xestión estritamente necesarias para un correcto funcionamento desta.

2. A conta de xogo está vinculada ao rexistro de usuario, non produce xuros e nela reflíctense as transaccións económicas vinculadas ás actividades de xogo e aos servizos adicionais ofrecidos polo operador de xogo. A conta de xogo estará denominada en euros.

Na conta de xogo reflíctense os depósitos realizados polo participante, os cargos polo importe da participación nos xogos e polos servizos adicionais que poida prestar o operador, así como o aboamento dos eventuais bonos ofrecidos polo operador. Así mesmo, quedarán reflectidos na conta de xogo os dereitos de crédito sobre o importe dos premios obtidos polo participante.

O participante poderá requirir o operador para que lle transfira, por calquera dos medios de pagamento ofrecidos polo operador e sen custo adicional ningún, o saldo da súa conta de xogo e o dos premios obtidos.

O operador deberá ordenar ao medio de pagamento que corresponda a transferencia de fondos nun prazo máximo de vinte e catro horas.

O incumprimento do prazo referido no parágrafo anterior deberase xustificar unicamente por causa excepcional e previamente notificada á Comisión Nacional do Xogo.

3. Os rexistros de usuario e as contas de xogo cancelaranse coa resolución do contrato de xogo a que están vinculados e nos supostos de falta de verificación dos datos a que se refire o artigo 26 do Real decreto 1613/2011, do 14 de novembro, polo que se desenvolve a Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, no relativo aos requisitos técnicos das actividades de xogo.

Artigo 36. *Límites aos depósitos.*

1. Os operadores de xogo deberán establecer límites económicos para os depósitos que, con carácter diario, semanal ou mensual, poidan recibir de cada un dos participantes nos distintos xogos. Estes límites non poderán ter importes superiores aos recollidos no anexo II deste real decreto.

Mediante disposición, e cos oportunos informes técnicos e xurídicos previos, a Comisión Nacional do Xogo poderá modificar o referido anexo II.

2. Os operadores de xogos deberán ofrecer aos participantes a posibilidade de estableceren voluntariamente límites, aplicables aos seus propios depósitos, por importes inferiores aos establecidos con carácter xeral. Cada participante poderá realizar a súa solicitude de forma expresa e individualizada. As peticións deberán ser satisfeitas de forma inmediata polos operadores de xogos, que, para tal fin, deberán desenvolver e pór

á disposición dos participantes os sistemas técnicos necesarios para a referida autolimitación.

3. Cada participante, de forma expresa e individualizada, poderá solicitar aos operadores de xogo o incremento dos importes de depósito ou a desaparición de calquera límite que teña establecido para a súa conta de depósito, por encima dos importes recollidos no parágrafo primeiro deste artigo. Estas peticións poderán ser atendidas polos operadores cando se cumpran os seguintes requisitos:

a) Cando se trate da primeira petición de aumento de límites ou a desaparición de calquera limitación que realice un participante, este deberá superar as probas de prevención de condutas aditivas do xogo e de xogo responsable, que para o efecto establece a Comisión Nacional do Xogo. Superadas as probas, os novos límites entrarán en vigor unha vez transcorridos sete días.

b) Cando se trate da segunda petición ou posteriores peticións de aumento de límites que realice un mesmo participante, o operador deberá realizar unha análise histórica da traxectoria do participante con base nos aspectos que para o efecto establece a Comisión Nacional do Xogo, e que estarán relacionados co seu perfil, a súa forma de participar nos xogos e o seu comportamento apartado de condutas aditivas do xogo. Os novos límites entrarán en vigor transcorridos tres días desde que se resolva con resultado positivo o estudo referido nesta letra.

c) Non se poderá solicitar un aumento nos límites establecidos polo participante se non transcorreron tres meses desde a última modificación dos límites fixados por el.

A Comisión Nacional do Xogo supervisará os procedementos de aumento de límites e, para tal efecto, poderá solicitar dos operadores canta documentación considere pertinente para a comprobación dos trámites seguidos.

## CAPÍTULO II

### **Pagamento da participación nos xogos, aboamento dos premios e obrigas relacionadas cos fondos de xogo**

Artigo 37. *Pagamento da participación nos xogos.*

1. O pagamento que deban satisfacer os participantes pola participación nos xogos, así como o depósito nos rexistros de usuario, efectuarase na forma establecida polo operador nas regras particulares de cada xogo. O operador informará claramente dos medios de pagamento admitidos para a realización de depósitos e pagamentos.

2. As formas de pagamento establecidas polo operador nas regras particulares dos xogos non poderán encubrir a concesión de préstamos de ningunha clase nin de calquera outra modalidade de crédito.

3. A participación nos xogos utilizando medios que non supoñan a disposición simultánea de diñeiro efectivo no momento de realización do pagamento poderá ser limitada na súa contía pola Comisión Nacional do Xogo.

4. Nos supostos en que, pola suspensión do xogo ou por calquera outra causa que impida o seu desenvolvemento, o operador tivese que devolver as cantidades pagadas polos participantes, a devolución realizarase polo mesmo medio de pagamento empregado polo participante, salvo que as normas ou condicións aplicadas polo correspondente medio de pagamento non lle permitan realizar a devolución. Nestes supostos, o operador deberá informar os participantes das limitacións que, en relación coa devolución das cantidades pagadas, afecten o medio de pagamento empregado.

En todo caso, o medio empregado para a devolución das cantidades pagadas polos participantes non lles poderá supor a estes ningún custo ou obriga adicional.

Artigo 38. *Aboamento dos premios.*

1. O operador aboará os premios polo procedemento e medios de pagamento que estableceu nas regras particulares do xogo e porá á disposición dos participantes o aboamento dos premios polo mesmo medio que aqueles empregaron para o pagamento da participación no xogo, salvo que as normas ou condicións aplicadas polo correspondente medio de pagamento non lle permitan realizar o aboamento. Nestes supostos, o operador deberá informar os participantes das limitacións que, en relación co aboamento dos premios, afecten o medio de pagamento empregado.

En todo caso, e sexa cal for o medio empregado para o aboamento dos premios, este non poderá supor ningún custo ou obriga adicional para o participante premiado.

2. Antes do aboamento dos premios obtidos polos participantes, naqueles casos en que non se utilizou a conta de xogo e efectuados os controis derivados da súa apertura, o operador deberá constatar que os participantes non están incurso en ningunha causa de prohibición subxectiva das referidas nas letras a), b) e c) do número segundo do artigo 6 da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo.

O operador unicamente poderá aboar os premios obtidos polos participantes que non estean incurso en prohibición subxectiva.

A Comisión Nacional do Xogo establecerá o procedemento que deberán seguir os operadores para a notificación dos supostos en que un participante incurso en causa de prohibición subxectiva obteña un premio, e as medidas que, se é o caso, deberán adoptar os operadores nestes casos.

3. Respecto dos produtos de lotaría adquiridos ao portador, o control previsto no número segundo deste artigo realizárase de conformidade coa normativa ditada para o efecto pola Comisión Nacional do Xogo.

Artigo 39. *Obrigas do operador en relación cos fondos dos participantes.*

1. En relación cos fondos depositados polos participantes nas contas de xogo, o operador deberá:

a) Dispor dunha ou de varias contas correntes bancarias en España nas cales ingresará os importes depositados para a participación nos xogos. As contas serán exclusivas e diferenciadas do resto de contas de que poida dispor o operador e deberá ser notificada a identificación destas á Comisión Nacional do Xogo con carácter previo ao inicio das actividades de xogo. Nesta conta deberase garantir o estricto cumprimento da normativa e protocolos para a prevención da fraude e do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo nos termos do disposto na Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo, e a súa normativa de desenvolvemento.

b) Non realizar ningún acto de disposición dos importes depositados na conta referida na letra anterior para fins distintos ao desenvolvemento ordinario dos xogos.

c) Limitar os poderes para a disposición dos fondos da referida conta e notificar á Comisión Nacional do Xogo os datos de identificación dos apoderados, establecendo as porcentaxes máximas de disposición diaria.

2. O operador deberá, así mesmo, implantar e notificar á Comisión Nacional do Xogo un procedemento en que, mediante a intervención dunha entidade financeira ou aseguradora, se garanta a correcta disposición dos fondos depositados na conta referida na letra a) do número anterior e se evite o emprego non autorizado ou indebido deles.

3. A Comisión Nacional do Xogo poderá establecer condicións adicionais en relación cos fondos depositados polos participantes e ditar as instrucións que sexan precisas para o desenvolvemento das obrigas recollidas neste artigo, incluíndo a posibilidade de implantar medidas alternativas de control.

## CAPÍTULO III

### Garantías exigibles aos operadores de xogo

#### Artigo 40. *Garantías vinculadas ás licenzas xerais.*

1. De conformidade co disposto no artigo 14 da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, os operadores que obteñan unha licenza xeral deberán constituír unha garantía que quedará afecta ao cumprimento das obrigas establecidas na Lei 13/2011 e na súa normativa de desenvolvemento.

2. A garantía vinculada á licenza xeral cubrirá as obrigas do operador en relación co desenvolvemento, a explotación e xestión dos xogos e, en especial, as relativas ao aboamento dos premios, ás responsabilidades derivadas do réxime sancionador en que incorrese, ao pagamento das taxas devengadas en materia de xogo que non fixese efectivas en prazo e ao cumprimento das obrigas adicionais que, sobre a base da natureza da modalidade de xogo, se establecesen na convocatoria ou na resolución de outorgamento da licenza.

#### Artigo 41. *Garantías vinculadas ás licenzas singulares.*

1. De conformidade co disposto no artigo 14 da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, a Comisión Nacional do Xogo, en función da natureza do tipo de xogo, poderá establecer a obriga de constituír unha garantía adicional vinculada á concesión dunha licenza singular nas condicións e cos límites establecidos nas ordes ministeriais polas que se aprobe a normativa básica do tipo de xogo obxecto da licenza.

2. O importe da garantía vinculada á licenza singular queda afecto ao cumprimento das obrigas xerais do operador a que se refire o artigo anterior e, en particular, ás obrigas específicas de aboamento dos premios do tipo de xogo e ao cumprimento de calquera outra obriga que, en relación co correspondente tipo de xogo, se impuxese ao operador, tal e como establece o artigo 14 da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo.

#### Artigo 42. *Constitución das garantías.*

1. A garantía vinculada á licenza xeral deberase presentar coa solicitude de outorgamento da licenza.

2. Nos supostos de transmisión da licenza a que se refire o número tres do artigo 9 da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, e o artigo 6 deste real decreto, o novo licenciario deberá achegar nova garantía nos tres días seguintes á notificación da resolución en que se autorice a transmisión da licenza.

3. A falta de achega da garantía, a súa constitución fóra do prazo establecido ou a súa perda de eficacia constitúe unha causa de denegación ou extinción do título a que estea vinculada.

#### Artigo 43. *Forma de constitución das garantías.*

1. A garantía poderá consistir en:

a) Efectivo depositado na conta que para estes efectos estableza a Comisión Nacional do Xogo e na forma que esta estableza.

b) Hipoteca constituída sobre inmobles situados en España.

c) Avais presentados por entidades de crédito ou sociedades de garantía recíproca debidamente autorizadas para desenvolver a súa actividade en España.

d) Seguros de caución outorgados por entidades aseguradoras debidamente autorizadas para desenvolveren a súa actividade en España.

2. As garantías consignadas en efectivo a que se refire a letra a) do número anterior constituiranse en moeda de curso legal en España e non producirán xuro ningún.

3. A garantía será constituída, con renuncia expresa aos beneficios de división, orde e excusión, a primeiro requirimento e a favor da Comisión Nacional do Xogo, e é executable en España e irrevogable. Os avais e os seguros de caución depositaranse na propia Comisión Nacional do Xogo.

4. As garantías non se terán por validamente constituídas ata que, en atención á súa contía e ao cumprimento dos requisitos establecidos neste artigo, sexan consideradas suficientes pola Comisión Nacional do Xogo. Para estes efectos, a Comisión Nacional do Xogo pronunciarase sobre a suficiencia da garantía constituída no prazo dun mes desde que o operador a achegou ou, se é o caso, modificou. Transcorrido o citado prazo sen que a Comisión Nacional do Xogo manifestase a suficiencia da garantía achegada, esta considerárase suficiente, sen prexuízo das modificacións que, por razón da súa contía, resultaren precisas.

#### Artigo 44. *Importe das garantías.*

1. O importe das garantías vinculado ás licenzas xerais será o que resulte da aplicación dos termos e contías establecidos para cada modalidade de xogo no anexo I deste real decreto.

2. O importe das garantías vinculado ás licenzas singulares será determinado, se é o caso, pola Comisión Nacional do Xogo cos límites establecidos nas ordes ministeriais polas que se aprobe a normativa básica do tipo de xogo obxecto da licenza e será proporcional ás obrigas a que se pretende dar cobertura.

3. A garantía efectivamente constituída polo operador será a suma dos importes vinculados ás licenzas xerais ou singulares de que sexa titular, de acordo cos termos sinalados no anexo I deste real decreto.

4. O importe das garantías a que se refire o número primeiro deste artigo actualizarase de conformidade co incremento medio do índice de prezos de consumo publicado polo Instituto Nacional de Estatística, cando se acorde, se é o caso, a prórroga da licenza correspondente.

A Comisión Nacional do Xogo publicará anualmente os importes actualizados.

#### Artigo 45. *Vixencia, cancelación, retención e execución das garantías.*

1. As garantías débeas manter vixentes o operador en todo momento e o seu importe debidamente actualizado, de conformidade co disposto no número 4 do artigo anterior.

O operador debe acreditar non só a vixencia da garantía senón tamén a actualización do seu importe. A falta de acreditación da vixencia da garantía ou a falta da súa actualización, tras requirimento para estes efectos da Comisión Nacional do Xogo, dará lugar á revogación dos títulos habilitantes a que o importe da garantía estiver vinculado.

2. Extinguida a licenza a que estiver vinculado o importe da garantía, e sempre que se teña constancia de que non existen obrigas ou responsabilidades pendentes ás cales o dito importe estiver afecto, a Comisión Nacional do Xogo procederá á súa devolución, por petición do interesado, logo da liquidación oportuna cando proceda.

3. Nos supostos de non outorgamento da licenza solicitada ou de revogación da licenza a que o importe da garantía estiver vinculado, o presidente da Comisión Nacional do Xogo, logo de comunicación ao interesado e, se é o caso, á institución de crédito ou de seguro que corresponda, procederá á súa devolución.

4. A execución das garantías requirirá a incoación previa por parte da Comisión Nacional do Xogo dun procedemento en que se dará audiencia ao interesado. No marco do citado procedemento acreditaranse:

a) Que non se produciu a suspensión da executividade do acto declarativo do incumprimento por parte do obrigado se contra este se recorreu en vía administrativa, ou que o acto é firme no caso de que a obriga garantida consista no pagamento dunha sanción administrativa, de conformidade co disposto nos artigos 111 e 138.3,

respectivamente, da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

b) A contía da garantía de que hai que incautarse e

c) A notificación previa ao interesado da intención de formular a solicitude de incautación, para efectos de audiencia. Para estes efectos terán a consideración de interesado, se é o caso, tanto o avalista, a entidade aseguradora ou a sociedade de garantía recíproca como o operador de xogo, e a ambos concederáselles un prazo de dez días para que poidan presentar alegacións, así como os documentos e xustificacións que consideren pertinentes de acordo co disposto no artigo 84 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

## TÍTULO III

### Dos rexistros do xogo

#### CAPÍTULO I

#### Disposicións comúns

Artigo 46. *Rexistros do sector do xogo.*

1. De conformidade co establecido no artigo 22 da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, constitúense na Comisión Nacional do Xogo, baixo a súa dependencia e control, o Rexistro Xeral de Licenzas de Xogo, o Rexistro Xeral de Interdicións de Acceso ao Xogo e o Rexistro de Persoas Vinculadas a Operadores de Xogo.

2. O contido dos rexistros do sector do xogo non ten carácter público e a comunicación dos datos contidos neles queda limitada, única e exclusivamente, ás finalidades previstas na Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo.

3. O tratamento dos datos de carácter persoal recollidos nos ficheiros e rexistros referidos neste artigo para os fins previstos na Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, non requirirá do consentimento dos seus titulares.

4. Os rexistros do sector do xogo estarán soportados por un sistema informático, nas condicións que estableza a Comisión Nacional do Xogo, que deberá garantir o cumprimento das funcións para as que foron creados.

5. A Comisión Nacional do Xogo e os órganos competentes das comunidades autónomas poderán acordar, mediante os oportunos convenios de colaboración, a interconexión dos seus rexistros de xogo e o intercambio de datos e información tributaria, con pleno respecto á normativa reguladora da protección de datos de carácter persoal.

A Comisión Nacional do Xogo subministrará periodicamente á Axencia Estatal de Administración Tributaria os datos e informacións de que dispoña que resulten relevantes para a xestión do imposto sobre actividades do xogo, e poderase establecer un convenio de colaboración para estes efectos entre ambas as entidades.

Artigo 47. *Inscripción, modificación e cancelación dos datos.*

1. A inscrición, modificación e cancelación dos datos contidos, ou que deban ser inscritos, nos rexistros do sector do xogo, será acordada por resolución da Comisión Nacional do Xogo.

2. A Comisión Nacional do Xogo aprobará o procedemento para a inscrición, modificación e cancelación dos datos, así como para a súa publicidade.

## CAPÍTULO II

### Do Rexistro Xeral de Licenzas de Xogo

#### Artigo 48. *Obxecto do Rexistro Xeral de Licenzas de Xogo.*

De conformidade co disposto no artigo 22 da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, no Rexistro Xeral de Licenzas de Xogo practícaranse as inscricións de carácter provisional das entidades que participen nos procedementos concorrenciais para o outorgamento de licenzas xerais, así como as inscricións de carácter provisional ou definitivo das entidades que obtiveron unha licenza para desenvolveren actividades de xogo.

Así mesmo, inscribíranse no Rexistro Xeral de Licenzas de Xogo as autorizacións a que se refire o número dous da disposición adicional primeira da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo.

#### Artigo 49. *Estrutura do Rexistro Xeral de Licenzas de Xogo.*

O Rexistro Xeral de Licenzas de Xogo constará de dúas seccións ordinarias e dúas especiais:

- a) A Sección ordinaria de licenzas xerais, na cal se practícará a inscrición definitiva dos datos relativos aos titulares de licenzas xerais.
- b) A Sección ordinaria de licenzas singulares, na cal se practícará a inscrición provisional ou definitiva dos datos relativos aos titulares de licenzas singulares.
- c) A Sección especial de concorrentes, na cal se practícará a inscrición provisional dos interesados en participar ou concorrer aos procedementos de outorgamento de licenzas xerais.
- d) A Sección especial de autorizacións de xogos de lotaría, na cal se inscribíran os datos relativos aos titulares das autorizacións a que se refire o número dous da disposición adicional primeira da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo.

#### Artigo 50. *Inscrición provisional.*

1. A Comisión Nacional do Xogo poderá realizar inscricións provisionais na Sección especial de concorrentes e na Sección ordinaria de licenzas singulares.

2. As entidades interesadas en participar ou concorrer nos procedementos para o outorgamento de licenzas xerais deberán solicitar a inscrición provisional na Sección especial de concorrentes do Rexistro Xeral de Licenzas de Xogo.

Poderán solicitar a inscrición na Sección especial de concorrentes as persoas xurídicas con forma de sociedade anónima ou análoga que teñan como obxecto social único a organización, comercialización e explotación de xogos.

Para a inscrición provisional, as entidades deberán figurar inscritas no Rexistro Mercantil ou, no caso de entidades estranxeiras en que a inscrición sexa un requisito exixido pola lexislación do Estado onde a empresa teña o seu domicilio, nun rexistro equivalente e non encontrarse incursas en ningunha das causas de exclusión previstas no número 2 do artigo 13 da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo.

A Comisión Nacional do Xogo, no prazo de quince días contados desde a presentación da solicitude e á vista da documentación acreditativa, acordará ou denegará motivadamente a inscrición provisional do interesado. Transcorrido o prazo referido sen que se acordase a inscrición, a solicitude entenderase estimada.

O acordo a que se refire o parágrafo anterior será impugnado en reposición polos interesados ante a Comisión Nacional do Xogo, de acordo co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou en vía contencioso-administrativa, de conformidade coa lei reguladora da dita xurisdición.

A inscrición provisional extinguirase co acordo de inscrición da licenza xeral correspondente.

3. A inscrición provisional na Sección ordinaria de licenzas singulares acordaraa a Comisión Nacional do Xogo no suposto a que se refire o número 5 do artigo 17 deste real decreto.

A Comisión Nacional do Xogo acordará de oficio a modificación da inscrición provisional e a súa inscrición como definitiva coa homologación definitiva a que se refire o número 6 do artigo 17 deste real decreto.

A inscrición provisional cancelarase en todo caso transcorridos seis meses contados desde o acordo de inscrición provisional.

4. A Comisión Nacional do Xogo establecerá o contido mínimo das inscricións provisionais.

#### Artigo 51. *Inscrición definitiva.*

1. A inscrición definitiva dos titulares de licenzas de xogo acordaraa de oficio a Comisión Nacional do Xogo na resolución de outorgamento das licenzas xerais ou, en relación coas licenzas singulares, tras a valoración positiva a que se refire o número 6 do artigo 17 deste real decreto.

2. Na inscrición definitiva constarán os datos que para estes efectos estableza a Comisión Nacional do Xogo no marco da convocatoria da modalidade de xogo correspondente e, polo menos, os seguintes:

a) Datos identificativos da persoa xurídica e da persoa que a represente ante a Comisión Nacional do Xogo.

b) Sede social e enderezo para efectos de notificacións. Naqueles supostos en que a sede social da entidade non se encontre en territorio español, domicilio do representante permanente en España que terá, así mesmo, a consideración de enderezo para efectos de notificacións.

c) Data de outorgamento da licenza e, se é o caso, modalidade ou tipo de xogo amparado por esta.

d) Actividade ou actividades de xogo que, de acordo co plan operativo de xogo do operador, pretende desenvolver e, se é o caso, os sitios baixo «.es» que van ser empregados para a comercialización dos xogos.

#### Artigo 52. *Modificación dos datos inscritos.*

Practicada a inscrición definitiva, calquera feito ou circunstancia que supoña un cambio nos datos inscritos deberá ser notificado polo operador á Comisión Nacional do Xogo no prazo dun mes contado desde o momento en que se produza, presentando a documentación acreditativa. A Comisión Nacional do Xogo requirirá a información que considere necesaria para acreditar o feito ou circunstancia que motivou o cambio dos datos e practicará de oficio as modificacións que sexan precisas no rexistro.

#### Artigo 53. *Cancelación da inscrición definitiva.*

1. A Comisión Nacional do Xogo na resolución en que acorde ou declare a extinción da licenza, acordará, así mesmo, a cancelación da súa inscrición.

2. Salvo nos supostos de extinción da licenza a que se refire o número anterior, a cancelación das inscricións practicarase tras a instrución do procedemento de cancelación correspondente.

O procedemento de cancelación poderá ser iniciado por instancia do operador ou de oficio se a Comisión Nacional do Xogo ten constancia do cesamento, durante un período de máis de dous anos, das actividades do operador amparadas pola licenza.

No procedemento de cancelación iniciado de oficio darase audiencia ao interesado.

3. Finalizado o procedemento referido no número anterior ou acordada a cancelación na resolución a que se refire o número primeiro deste artigo, practicarase a cancelación



dos datos rexistrados, con expresión da causa que determinou a cancelación e da data en que esta foi acordada.

Artigo 54. *Certificacións rexistradas.*

O certificado de inscrición no Rexistro Xeral de Licenzas de Xogo constitúe o medio ordinario para acreditar a titularidade dunha licenza para a explotación das actividades de xogo.

## CAPÍTULO III

### Do Rexistro Xeral de Interdicións de Acceso ao Xogo

Artigo 55. *Obxecto do rexistro.*

De conformidade co disposto no artigo 22 da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, no Rexistro Xeral de Interdicións de Acceso ao Xogo practícarase a inscrición da información necesaria para facer efectivo o dereito dos cidadáns a que lles sexa prohibida a participación nas actividades de xogo nos casos en que sexa necesaria a identificación para participar. Así mesmo, inscribírase a información relativa a aquelas outras persoas que por resolución xudicial teñan prohibido o acceso ao xogo ou estean incapacitadas legalmente.

A información do Rexistro Xeral de Interdicións de Acceso ao Xogo facilitaráselles aos operadores de xogo, nos termos establecidos pola Comisión Nacional do Xogo, coa finalidade de impedir o acceso ao xogo das persoas inscritas nel.

Artigo 56. *Datos rexistrados.*

1. Os requisitos de carácter subxectivo preceptivos para a inscrición no Rexistro Xeral de Interdicións de Acceso ao Xogo serán determinados pola Comisión Nacional do Xogo.

2. En relación coas persoas inscritas, e sen prexuízo dos requisitos adicionais que poidan ser exixidos pola Comisión Nacional do Xogo, os datos que, como mínimo, deben constar no Rexistro Xeral de Interdicións de Acceso ao Xogo son:

- a) Nome, apelidos, sexo e data de nacemento da persoa inscrita.
- b) Domicilio.
- c) Número do documento nacional de identidade ou documento identificativo equivalente.
- d) Data de presentación da solicitude de inscrición.
- e) Data de inscrición no rexistro.
- f) Vixencia da inscrición.
- g) Causa da inscrición.

2. Naqueles casos en que a inscrición se realizou por instancia de terceiro, deberá constar ademais no rexistro, o seu nome, apelidos, domicilio e documento nacional de identidade ou equivalente. Así mesmo, constará a lexitimación do terceiro para solicitar a inscrición e, se é o caso, a resolución xudicial firme, data desta e órgano xudicial que ditou a resolución.

3. Naqueles casos en que a inscrición sexa ordenada por resolución xudicial, deberán constar ademais no rexistro os datos que permitan a identificación da resolución xudicial, a súa data e o órgano xudicial que a ditou.

*Artigo 57. Inscripción.*

1. No prazo dun mes contado desde o inicio do correspondente procedemento, a Comisión Nacional do Xogo acordará a inscrición no Rexistro Xeral de Interdicións de Acceso ao Xogo.

O procedemento de inscrición iniciárase por solicitude da persoa interesada na súa inscrición voluntaria no rexistro, por resolución xudicial ou por petición dun terceiro interesado.

O prazo referido no primeiro parágrafo reducirase a tres días contados desde a recepción da solicitude nos supostos de inscrición voluntaria a que se refiren as letras a) e b) do número seguinte e nos de inscrición por resolución xudicial referidos nas letras c) e d) do mesmo número.

2. Terán acceso ao Rexistro Xeral de Interdicións de Acceso ao Xogo os datos:

a) Das persoas que voluntariamente solicitaron que lles sexa prohibido o acceso ao xogo.

b) Das persoas que presenten adicción patolóxica ao xogo, por solicitude propia ou de terceiro.

c) Das persoas declaradas incapaces ou pródigas por sentenza xudicial firme e, se é o caso, as que se vexan afectadas por medidas provisionais consistentes na limitación de acceso a actividades de xogo adoptadas no marco do correspondente procedemento de incapacidade ou prodigalidade e durante a vixencia da medida.

d) Das persoas ás cales, por sentenza xudicial firme, de modo principal ou accesorio, se lles limitou o acceso ao xogo e, se é o caso, as que se vexan afectadas por medidas provisionais consistentes na limitación de acceso a actividades de xogo adoptadas no marco do correspondente procedemento e durante a vixencia da medida.

e) Das persoas sobre as que recaía calquera outra limitación para acceder ao xogo.

3. Será ademais practicada de oficio a inscrición dos datos que procedan dos rexistros de similar obxecto que leven as distintas comunidades autónomas no exercicio das súas competencias sobre xogo.

*Artigo 58. Inscripción por instancia do interesado.*

1. A solicitude de inscrición no Rexistro Xeral de Interdicións de Acceso ao Xogo por instancia do interesado deberase formalizar no modelo normalizado que para estes efectos aprobe a Comisión Nacional do Xogo e poderá ser presentada no Rexistro Xeral Administrativo da Comisión Nacional do Xogo, en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou nos servizos de admisión, recepción ou identificación dos usuarios dos establecementos de xogo.

2. No caso de que a solicitude se presente nos servizos de admisión, recepción ou identificación dos usuarios dos establecementos de xogo, o referido establecemento deberá facilitar mediante transferencia electrónica os datos da solicitude ao sistema central de soporte nas vinte e catro horas seguintes á da presentación da solicitude e facer entrega á Comisión Nacional do Xogo, dentro do prazo máximo de sete días, da solicitude formulada polo interesado, acompañada de copia do documento identificativo do interesado.

3. A Comisión Nacional do Xogo procederá á inscrición no menor prazo posible e, como máximo, nos tres días seguintes á recepción da solicitude no seu Rexistro Xeral Administrativo.

*Artigo 59. Inscripción por petición de terceiro interesado ou por resolución xudicial.*

1. Calquera persoa con interese lexítimo poderá solicitar a inscrición dun terceiro no Rexistro Xeral de Interdicións de Acceso ao Xogo. A solicitude formalizarase no modelo

normalizado que para estes efectos aprobe a Comisión Nacional do Xogo e deberase acompañar da resolución xudicial firme que a acorde.

A solicitude e os documentos que a acompañen deberán ser presentados no Rexistro Xeral Administrativo da Comisión Nacional do Xogo ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e polos medios electrónicos de conformidade coa Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

2. Recibida a solicitude, iniciárase o correspondente procedemento e, xunto á notificación de apertura, darase traslado da solicitude ao interesado ou ao seu representante legal, titor ou curador no suposto de que o tivese designado, por un prazo de dez días, para os efectos de que o interesado alegue o que considere conveniente.

3. Á vista das alegacións formuladas polo interesado ou transcorrido o prazo referido no número anterior sen que se recibisen alegacións, a Comisión Nacional do Xogo, no prazo a que se refire o número primeiro do artigo 57 deste real decreto, ditará resolución motivada en que se acorde ou denegue a inscrición solicitada. A denegación da solicitude de inscrición fundamentarase exclusivamente na falta de lexitimación do solicitante ou na insuficiencia dos presupostos fácticos ou xurídicos en que se baseou aquela.

4. A Comisión Nacional do Xogo ditará e notificará resolución motivada en que outorgue ou denegue a inscrición solicitada nos prazos establecidos no número primeiro do artigo 57 deste real decreto.

Transcorrido o prazo referido sen que a Comisión Nacional do Xogo notificase resolución expresa sobre a solicitude, esta entenderase estimada por silencio.

5. Contra a resolución referida no número anterior, os interesados poderán interpor recurso potestativo de reposición ante a Comisión Nacional do Xogo, de acordo co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou recurso contencioso-administrativo de conformidade coa lei reguladora da dita xurisdición.

6. A Comisión Nacional do Xogo procederá á inscrición que lle sexa ordenada por resolución xudicial no prazo establecido para estes efectos no terceiro parágrafo do número primeiro do artigo 57 deste real decreto.

#### Artigo 60. *Vixencia das inscricións.*

1. As inscricións practicadas no Rexistro Xeral de Interdicións de Acceso ao Xogo por instancia do propio interesado serano por tempo indefinido. Non obstante, por petición do interesado poderase solicitar a cancelación da inscrición unha vez transcorridos seis meses desde a súa práctica.

2. As inscricións practicadas por instancia de terceiro serano polo tempo que se estableza nas resolucións de que deriven. No caso de que non se sinale prazo, este será por tempo indefinido. A inscrición poderase cancelar mediante resolución xudicial que autorice a cancelación, ou por instancia de quen a solicitou, sempre que neste caso conte coa aceptación do propio inscrito.

3. As inscricións practicadas por resolución xudicial serano polo tempo que se estableza nas resolucións que as ordenaron.

#### Artigo 61. *Modificación e cancelación dos datos inscritos.*

1. O interesado inscrito no Rexistro Xeral de Interdicións de Acceso ao Xogo ou, se é o caso, o terceiro que solicitou a inscrición ou o órgano xudicial que a ordenou, deberá notificar á Comisión Nacional do Xogo para a súa modificación os cambios que se produciron nos datos inscritos no rexistro. Para estes efectos, a Comisión Nacional do Xogo requirirá a información que considere necesaria para acreditar o feito ou circunstancia que motivou o cambio dos datos e practicará de oficio as modificacións que sexan precisas no rexistro.

2. A Comisión Nacional do Xogo acordará de oficio a cancelación dos datos inscritos no Rexistro Xeral de Interdicións de Acceso ao Xogo, cumprido o período de vixencia da inscrición a que se refire o artigo anterior.

3. Salvo nos supostos a que se refire o número anterior, a cancelación das inscricións practicarase tras a instrución do procedemento de cancelación correspondente que poderá ser iniciado por instancia do interesado inscrito ou, se é o caso, do terceiro que solicitou a inscrición ou do órgano xudicial que a ordenou.

No procedemento de cancelación iniciado por instancia do interesado inscrito, darase audiencia ao terceiro que solicitou a inscrición. A Comisión Nacional do Xogo resolverá motivadamente sobre a procedencia da cancelación das autorizacións no prazo de seis meses contados desde a data en que a solicitude tivo entrada no rexistro correspondente.

Transcorridos os prazos sinalados referidos no parágrafo anterior sen que se ditase e notificase a resolución expresa sobre a cancelación, esta entenderase estimada por silencio.

A cancelación das inscricións practicadas por resolución xudicial non poderá ser instada pola persoa inscrita.

4. Acordada a cancelación da inscrición ou tendo sido estimada a solicitude de cancelación por silencio administrativo, practicarase a súa cancelación, expresando a causa que determinou a cancelación e a data en que esta foi acordada. A Comisión Nacional do Xogo notificará o acordo ao interesado e, se é o caso, ao terceiro que solicitou a inscrición e ao órgano xudicial que a ordenou.

#### Artigo 62. *Cooperación interadministrativa.*

A Comisión Nacional do Xogo, no marco que fixe o Consello de Políticas de Xogo, alcanzará convenios coas distintas comunidades autónomas para a determinación do procedemento de inscrición no Rexistro Xeral de Interdicións de Acceso ao Xogo dos datos contidos nos rexistros autonómicos, a axilización dos procesos de comunicación de datos e, se é o caso, a interconexión dos rexistros de interdicións de acceso ao xogo.

A Comisión Nacional do Xogo, no marco referido e coa frecuencia que para estes efectos se determine, dará traslado aos órganos competentes en materia de xogo das comunidades autónomas das inscricións, modificacións e cancelacións practicadas.

Así mesmo, os órganos competentes en materia de xogo das comunidades autónomas e os operadores de xogo darán traslado á Comisión Nacional do Xogo, coa frecuencia que para estes efectos se determine, das inscricións, modificacións e cancelacións practicadas.

Os datos comunicados entre a Comisión Nacional do Xogo e as comunidades autónomas con competencias na materia, darán lugar á práctica de oficio e sen custo para o solicitante da correspondente inscrición no Rexistro Xeral de Interdicións de Acceso ao Xogo.

### CAPÍTULO IV

#### **Do Rexistro de Persoas Vinculadas a Operadores de Xogo**

##### Artigo 63. *Obxecto do rexistro.*

1. De conformidade co disposto no artigo 22 da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, no Rexistro de Persoas Vinculadas a Operadores de Xogo inscribíranse os datos dos accionistas, partícipes ou titulares significativos dos operadores de xogo, os membros do seu órgano de administración e demais persoal directivo e os empregados directamente involucrados no desenvolvemento dos xogos, así como os seus cónxuxes ou persoas con que convivan, ascendentes e descendentes en primeiro grao.

2. Para os efectos do número anterior, consideraranse significativos os accionistas, partícipes ou titulares que poidan exercer algún tipo de influencia ou control no operador de xogo.

Naqueles supostos en que o operador de xogo estea participado por persoas xurídicas, deberanse inscribir no rexistro os accionistas, partícipes ou titulares significativos das persoas xurídicas que poidan exercer algún tipo de influencia ou control no operador de xogo.

3. O acceso aos datos inscritos no Rexistro de Persoas Vinculadas a Operadores de Xogo limitarase exclusivamente á Comisión Nacional do Xogo, sen prexuízo das certificacións que, para efectos de comprobación e exclusivamente en relación cos datos notificados polos operadores ou os interesados, poida emitir aquela.

#### Artigo 64. *Contido da inscrición.*

A inscrición conterá os datos da persoa vinculada ao operador de xogo que para estes efectos estableza a Comisión Nacional do Xogo e, polo menos, os seguintes:

- a) Nome, apelidos, sexo e domicilio para efectos de comunicacións.
- b) Número do documento nacional de identidade ou documento identificativo equivalente.
- c) Operador a que está vinculado.
- d) Tipo de participación na persoa xurídica titular da licenza de xogo.
- e) Cargo directivo que ocupa a persoa xurídica titular da licenza de xogo ou tarefa que desempeñe que estea directamente involucrada coa actividade de xogo desenvolvida polo operador.
- f) Nome, apelidos e número do documento nacional de identidade ou documento identificativo equivalente do cónxuxe ou persoa con que convívise e dos ascendentes e descendentes en primeiro grao.
- g) Data de inscrición.
- h) Persoa ou operador que instou a inscrición.

#### Artigo 65. *Inscrición e modificación dos datos.*

1. A inscrición das persoas vinculadas a operadores de xogo poderaa realizar de oficio a Comisión Nacional do Xogo, por instancia do operador a que estean vinculadas as persoas inscritas ou das persoas vinculadas a un operador de xogo.

2. A Comisión Nacional do Xogo acordará a inscrición dos datos que, de conformidade co artigo seguinte, notifiquen os operadores de xogo e as persoas vinculadas a estes.

3. A Comisión Nacional do Xogo acordará a modificación dos datos inscritos respecto dos que, de conformidade co artigo seguinte, lle sexan notificados cambios, xa polos operadores, xa polas persoas vinculadas a estes.

4. A inscrición ou a modificación dos datos inscritos acordarase no prazo de quince días contados desde a recepción da notificación no Rexistro Xeral Administrativo da Comisión Nacional do Xogo e será notificada aos interesados respecto dos que conste domicilio para efectos de notificacións.

#### Artigo 66. *Notificación dos datos rexistrados.*

1. Os operadores de xogo que obteñan a correspondente licenza xeral para unha determinada modalidade de xogo, no prazo de quince días contados desde a notificación da súa inscrición no Rexistro Xeral de Licenzas de Xogo deberán notificar á Comisión Nacional do Xogo, no modelo normalizado que aprobe para estes efectos, os datos relativos ás persoas a que se refire o artigo 22.1, letra c), da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, e o artigo 63 deste real decreto.

Os operadores legalmente designados para a comercialización dos xogos de lotaría deberán realizar a inscrición nun prazo de 15 días contados desde a entrada en vigor deste real decreto.

2. O operador deberá notificar, así mesmo, no prazo de quince días desde que tivo coñecemento disto, os cambios que se produzan nos datos inicialmente notificados e deberá adoptar as medidas necesarias para que as persoas vinculadas a el lle comuniquen os cambios nos datos que lles afecten.

3. O operador será responsable do incumprimento das obrigas de notificación recollidas neste artigo e da veracidade dos datos achegados.

4. Os interesados vinculados a operadores de xogo poderán instar persoalmente a inscrición dos seus datos e notificar o cambio destes. A notificación realizarase no modelo normalizado que aprobe para estes efectos a Comisión Nacional do Xogo.

5. As notificacións referidas neste artigo deberán ser presentadas no Rexistro Xeral Administrativo da Comisión Nacional do Xogo ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

#### Artigo 67. *Cancelación.*

1. As inscricións practicadas no Rexistro Xeral de Licenzas de Xogo poderán ser canceladas de oficio ou por instancia do operador ou da persoa efectivamente inscrita, por ter cesado no suposto de vinculación que orixinou a inscrición.

2. A Comisión Nacional do Xogo acordará de oficio a cancelación dos datos rexistrais vinculados a un operador nos supostos de extinción da súa licenza xeral.

3. A cancelación dos datos rexistrais será notificada aos interesados respecto dos cales conste domicilio para efectos de notificacións.

#### Disposición adicional primeira. *Títulos habilitantes outorgados por outros Estados do Espazo Económico Europeo.*

A Comisión Nacional do Xogo, no marco do procedemento de outorgamento de licenzas, validará a documentación xa presentada ante as autoridades competentes en materia de xogo doutros Estados integrantes do Espazo Económico Europeo por operadores xa habilitados neses Estados. A documentación presentada para a súa validación pola Comisión Nacional do Xogo deberá ser fidedignamente acreditada e acompañarse dunha tradución xurada para o español.

Para que se poida producir a validación, a documentación deberá presentar un contido análogo ao exixido para o outorgamento do correspondente título habilitante en España e esta circunstancia deberá ser debidamente constatada pola Comisión Nacional do Xogo.

Para os efectos da constatación dos requisitos referidos no parágrafo anterior, a Comisión Nacional do Xogo poderase dirixir ás autoridades competentes en materia de xogo ante as cales se presentaron os documentos en trámite de validación.

As garantías financeiras prestadas noutros Estados integrantes do Espazo Económico Europeo en ningún caso eximen da presentación das exixidas na normativa española.

#### Disposición adicional segunda. *Prestación de servizos a operadores de xogo.*

1. Nos supostos en que o desenvolvemento das actividades de xogo non sexa realizado directamente polas entidades habilitadas para estes efectos polo título correspondente, a Comisión Nacional do Xogo poderá requirir ao operador os contratos e condicións que regulen a relación entre o operador e a entidade que efectivamente desenvolva a actividade de xogo ou algún dos seus elementos esenciais.

2. A Comisión Nacional do Xogo, á vista dos contratos e da relevancia dos servizos prestados, poderá requirir á entidade prestadora dos servizos ao operador de xogo a obtención do correspondente título habilitante no marco dos procedementos de solicitude

de licenzas que corresponda e, se é o caso, aplicar o réxime sancionador da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo.

Disposición adicional terceira. *Liquidez internacional.*

1. A liquidez dos xogos desenvolvidos en España estará limitada á que resulte da participación dos usuarios con rexistro de usuario español.

2. Non obstante o anterior, a Comisión Nacional do Xogo poderá autorizar o desenvolvemento de xogos con liquidez distinta á propia da participación dos usuarios con rexistro de usuario español logo de acordo das autoridades españolas coas autoridades competentes en materia de xogo doutros Estados integrantes do Espazo Económico Europeo ou cando concorran circunstancias excepcionais, debidamente xustificadas, que aconsellen a súa autorización.

Disposición adicional cuarta. *Especialidades dos concursos.*

Na comercialización da modalidade de xogo de concursos non será exixible a apertura dun rexistro de usuario e dunha conta de xogo cando, pola natureza do procedemento de participación, sexa incompatible coa súa utilización.

Sen prexuízo do anterior, o pagamento dos premios obtidos exixirá a apertura polo participante que os obtivo dun rexistro de usuario para efectos de comprobar, polo menos, a concorrencia das prohibicións subxectivas establecidas no artigo 6 da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo.

As bases da convocatoria para o outorgamento das licenzas xerais de concursos e a Comisión Nacional do Xogo establecerán as disposicións oportunas para efectos de establecer as garantías adecuadas para o desenvolvemento da actividade do xogo en materia de concursos.

Disposición adicional quinta. *Aboamento dos premios dos xogos suxeitos a reserva.*

Os operadores autorizados para a comercialización dos xogos de lotarías aboarán os premios na forma e coas condicións que se establezan na autorización a que se refire o artigo 24 deste real decreto.

Disposición adicional sexta. *Aplicacións de xogo gratuíto.*

Os operadores de xogo poderán ofrecer nas súas plataformas aplicacións de xogo gratuíto, en que os participantes que o desexen poderán participar no xogo sen realizaren achega económica ningunha e sen percibiren ningún premio, directa ou indirectamente, en diñeiro ou en especie, polos acertos ou vitorias que obteñan.

A posta en funcionamento de aplicacións de xogo gratuítas non estará suxeita á concesión previa de licenza ou autorización, e non será obrigatoria a constitución de rexistros de usuario e conta de xogo. Nas interfaces de acceso destas aplicacións de xogo gratuíto ás de pagamento, os operadores do xogo deberán incluír un aviso aos participantes en que se faga constar que o acceso ás aplicacións de xogo real comercializado requirirá a constitución previa de rexistro de usuario e conta de xogo e que o acceso ás aplicacións de xogo, real ou de pagamento, estará prohibido ás persoas incluídas nas letras a) e b) do número 2 do artigo 6 da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo.

Os operadores de xogos non poderán ofrecer nas súas plataformas aplicacións de xogo gratuíto que poidan xerar nos participantes unha expectativa falsa sobre as súas posibilidades e probabilidades no xogo efectivamente comercializado, ben mediante a utilización de regras de xogo diferentes, ben mediante o uso dun xerador aleatorio de números cun software ou unha programación diferentes ao empregado no xogo real, ou ben por medio de calquera outra variación substancial respecto ás condicións en que se desenvolve o xogo efectivamente comercializado.

Disposición adicional sétima. *Acordos de correulación.*

1. De conformidade co previsto no artigo 24.5 da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, a Comisión Nacional do Xogo está facultada para asinar acordos de correulación que coadruen ao cumprimento das obrigas establecidas na dita lei, en particular no referido á publicidade. Na medida en que eses acordos afecten a publicidade efectuada polos prestadores do servizo de comunicación audiovisual, deberase solicitar informe do Consello Estatal de Medios Audiovisuais con carácter previo á súa sinatura. Os sistemas de autorregulación dotaranse de órganos independentes de control para asegurar o cumprimento eficaz dos compromisos asumidos polas empresas adheridas.

No marco dos citados acordos de correulación poderanse desenvolver códigos de conduta deses sistemas que coadruen ao cumprimento das obrigas establecidas na Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, en particular no referido á publicidade. Os ditos códigos de conduta deberán contar coa aceptación da Comisión Nacional do Xogo unha vez verificado que son acordos e compatibles coa lexislación vixente. Conforme o citado artigo 24.5 da Lei 13/2011, eses códigos de conduta poderán incluír, entre outras, medidas individuais ou colectivas de autocontrol previo dos contidos publicitarios e deberán establecer sistemas eficaces de resolución extraxudicial de reclamacións que cumpran os requisitos establecidos na normativa comunitaria e, como tales, sexan notificados á Comisión Europea, de conformidade co previsto na Resolución do Consello do 25 de maio de 2000 relativa á rede comunitaria de órganos nacionais de solución extraxudicial de litixios en materia de consumo ou calquera disposición equivalente.

2. Para o seguimento dos citados acordos de correulación establecerase unha comisión mixta, presidida por un representante da Comisión Nacional do Xogo, ante a cal o sistema de autorregulación renderá contas, periodicamente, da súa actividade. Se a Comisión Nacional do Xogo entende que o sistema de autorregulación non está desenvolvendo adecuadamente a actividade acordada, poderá denunciar o acordo no prazo que neste se estableza.

3. A Comisión Nacional do Xogo publicará na súa páxina web os acordos de correulación que asinou, así como os códigos de conduta que aceptou.

Disposición adicional oitava. *Sistemas técnicos das entidades autorizadas para a comercialización das lotarías incluídas no ámbito da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo.*

Os sistemas técnicos das entidades autorizadas para a comercialización de lotarías suxeitas á Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, rexeranse pola súa normativa específica. A normativa dos sistemas técnicos de xogo regulada no Real decreto 1613/2011, do 14 de novembro, polo que se desenvolve a Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, no relativo aos requisitos técnicos das actividades de xogo, será de aplicación supletoria ás ditas entidades, sen prexuízo das especialidades derivadas da natureza do xogo das lotarías que poida establecer a Comisión Nacional do Xogo.

Para efectos da homologación dos sistemas técnicos de xogo das entidades autorizadas para a xestión das lotarías será de aplicación a Orde EHA/2528/2011, do 20 de setembro, pola que se establecen os requisitos e o procedemento de designación de entidades independentes que realicen as certificacións de avaliación do software de xogos e de seguridade de operadores de xogos. A Comisión Nacional do Xogo poderá establecer requisitos adicionais xustificados na especial natureza do software ou hardware do xogo das lotarías que deban ser cumpridos para efectos de seren designadas como entidades independentes para realizar certificacións en operadores de lotarías.



Disposición adicional novena. *Reglamentación básica dos xogos.*

As ordes ministeriais que aproben a regulamentación básica de cada un dos distintos tipos de xogos suxeitos á licenza singular previa desenvolverán a normativa contida neste real decreto cando así o exixan as necesidades do desenvolvemento de cada xogo.

Disposición adicional décima. *Tramitación electrónica.*

Os procedementos regulados neste real decreto poderán ser tramitados a través de medios electrónicos de acordo co establecido na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e a súa normativa de desenvolvemento. Os ditos procedementos estarán accesibles aos interesados a través da sede electrónica da Comisión Nacional do Xogo.

Disposición adicional décimo primeira. *Designación da Sociedade Estatal Lotarías e Apostas do Estado como operador legalmente autorizado para a comercialización dos xogos de lotarías.*

De conformidade co establecido na disposición adicional primeira da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, e para os efectos do disposto no artigo 24 deste real decreto, o operador legalmente autorizado para a comercialización de xogos de lotarías é a Sociedade Estatal Lotarías e Apostas do Estado.

Disposición adicional décimo segunda. *Réxime específico da Organización Nacional de Cegos Españóis (ONCE).*

1. A ONCE seguirá rexéndose, respecto das autorizacións para o desenvolvemento de xogos de lotaría enmarcados na reserva, polo seu réxime xurídico específico nos termos establecidos na disposición adicional segunda da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo.

2. As autorizacións de que a ONCE sexa titular para o desenvolvemento dos xogos de lotaría inscribíranse, para efectos de publicidade, na Sección especial do Rexistro Xeral de Licenzas de Xogo prevista no artigo 49.d) deste real decreto.

3. De conformidade co previsto no número tres da disposición adicional segunda da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, co fin de preservar o estrito control público da actividade de xogo da ONCE, as competencias que este real decreto atribúe á Comisión Nacional do Xogo e ao titular do Ministerio de Economía e Facenda serán exercidas polo Consello de Protectorado da ONCE en relación coas actividades suxeitas a reserva que a dita organización desenvolve, coa excepción das competencias que corresponden ao Consello de Ministros.

Disposición transitoria primeira. *Réxime transitorio aplicable á publicidade das actividades de xogo.*

Ata a publicación do real decreto polo que se desenvolve o artigo 7 da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, a publicidade, patrocinio e promoción das actividades de xogo realizaranse de conformidade co disposto no artigo citado, a Lei 34/1988, do 11 de novembro, xeral de publicidade, e a súa normativa de desenvolvemento, a Lei 3/1991, do 10 de xaneiro, de competencia desleal, e a Lei 29/2009, do 30 de decembro, pola que se modifica o réxime legal da competencia desleal e da publicidade para a mellora da protección dos consumidores e usuarios.

Disposición transitoria segunda. *Réxime transitorio das apostas mutuas que comercializa a Sociedade Estatal Lotarías e Apostas do Estado.*

A Sociedade Estatal Lotarías e Apostas do Estado poderá seguir comercializando as apostas pertencentes ás modalidades de apostas mutuas deportivas e apostas mutuas

hípicas que viña realizando ata a entrada en vigor da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, sen necesidade de cumprir os requisitos establecidos neste real decreto nin aqueles requisitos técnicos que lle resultasen de aplicación segundo a normativa de desenvolvemento ata o día 1 de xaneiro de 2012, data a partir da cal lle serán plenamente de aplicación os requisitos anteriormente citados.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación do titular do Ministerio de Economía e Facenda.*

Habílitase o titular do Ministerio de Economía e Facenda para a modificación do anexo I deste real decreto a través de orde ministerial.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación da Comisión Nacional do Xogo.*

De conformidade co disposto no artigo 23 da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, habílitase o Consello da Comisión Nacional do Xogo para ditar aquelas disposicións que sexan precisas para o desenvolvemento e execución deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 14 de novembro de 2011.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta do Goberno de Asuntos Económicos  
e ministra de Economía e Facenda,  
ELENA SALGADO MÉNDEZ

## ANEXO I

### Importe das garantías vinculadas ás licenzas

1. O importe das garantías a que se refire o capítulo III do título II deste real decreto no relativo a licenzas, autorizacións e rexistros do xogo, vinculado ás licenzas xerais durante o seu período inicial será de dous millóns de euros por cada licenza xeral outorgada, salvo para a modalidade de xogo a que se refire a letra e) do artigo 3 da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, que será de cincocentos mil euros. Para estes efectos, o cómputo do período inicial iníciase na data de solicitude da licenza xeral e finaliza o 31 de decembro do ano posterior ao do seu outorgamento.

O importe vinculado ás licenzas singulares non será considerado para o cálculo do importe da garantía durante o período inicial.

2. Nos anos posteriores ao período inicial, o importe vinculado á totalidade das licenzas xerais de que sexa titular o operador, calquera que sexa a súa modalidade, será dun millón de euros, salvo no suposto de que o operador só sexa titular dunha licenza xeral para a modalidade de xogo a que se refire a letra e) do artigo 3 da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, caso en que o importe será de douscentos cincuenta mil euros.

Os importes referidos no parágrafo anterior, sen prexuízo do sinalado no número cuarto, terán, pola súa vez, a consideración de contía mínima da garantía de operador.

3. Nos anos posteriores ao período inicial, o importe da garantía vinculado ás distintas licenzas singulares de que sexa titular o operador, calcularase mediante a suma dos importes correspondentes para cada tipo de xogo suxeito a licenza singular, determinadas de acordo coa normativa aplicable aos respectivos xogos.

4. Se o importe a que se refire o número anterior é superior á contía mínima da garantía de operador, será aquel o importe total da garantía; o importe correspondente á contía mínima imputarase ás licenzas xerais e o restante ás licenzas singulares.

## ANEXO II

### Límites dos depósitos

Único. *Límites dos depósitos.*

1. Os límites de constitución de depósitos a que se refire o número primeiro do artigo 36 do Real decreto 1614/2011, do 14 de novembro, polo que se desenvolve a Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, no relativo a licenzas, autorizacións e rexistros do xogo, serán os seguintes:

- a) 600 euros para o importe diario.
- b) 1.500 euros para o importe semanal.
- c) 3.000 euros para o importe mensual.

2. Para os efectos deste anexo, entenderase por día o día natural comprendido entre as 00.00 e as 24.00 horas; por semana, a comprendida entre as 00.00 horas do luns e as 24.00 horas do domingo; e por mes, o comprendido entre as 00.00 do día 1 e as 24.00 horas do derradeiro día do mes de que se trate.